



Facultade de Filoloxía

Grao en lingua e literatura galegas

**Formación de interxeccións e marcadores
do discurso sobre verbos de movemento en
galego**

Graduanda: Celtia Rey Brandón
Titor: Francisco A. Cidrás Escáneo
Curso académico: 2016-2017



Facultade de Filoloxía

Grao en lingua e literatura galegas

**Formación de interxeccións e marcadores
do discurso sobre verbos de movemento en
galego**

Curso académico: 2016-2017

Graduanda:

A blue ink signature of Celia Rey Brandón, consisting of several overlapping loops and lines.

Celia Rey Brandón

Titor:

A blue ink signature of Francisco A. Cidrás Escáneo, featuring a stylized 'F' and 'C' followed by a horizontal line.

Francisco A. Cidrás Escáneo

1. Introducción.....	1
2. Metodoloxía.....	3
3. O estado da cuestión.....	5
3.1. A análise do discurso.....	5
3.2. Os marcadores do discurso.....	5
3.3. As interxeccións.....	9
3.3.1. Definición.....	9
3.3.2. Os valores semánticos da interxección.....	12
3.4. Son as interxeccións marcadores do discurso?.....	15
4. A evolución dos marcadores do discurso derivados de verbos de movemento.....	18
4.1. Os verbos de movemento: <i>andar, ir</i> e <i>vir</i>	18
4.2. O proceso de <i>pragmaticalización</i> e o cambio semántico.....	22
4.3. As metáforas dos verbos de movemento.....	26
4.4. O contexto crítico.....	29
5. Análise dos valores pragmáticos actuais das formas.....	33
5.1. Función expresiva.....	33
5.2. Función apelativa.....	39
5.3. Función metadiscursiva.....	43
6. Conclusións.....	47
7. Bibliografía.....	50
8. <i>Anexo</i>	55

1. INTRODUCCIÓN

Nas últimas décadas teñen aumentado considerablemente os estudos vinculados á análise do discurso. Dentro deste eido, destacan os referidos aos marcadores do discurso, sobre os cales existen moitas e moi diversas teorías, algunhas complementarias entre si e outras totalmente discordantes. Dentro deste marco, situamos o noso traballo, que versa sobre os marcadores do discurso e interxeccións derivadas dos verbos de movemento *andar*, *ir* e *vir*.

O interese por este tema susténtase en diferentes aspectos. Por unha banda, a dificultade que supón enfrontarse a un asunto tan controvertido como son os marcadores do discurso e as interxeccións. As interxeccións son unidades de orixe primitiva e mesmo prelingüística, o que as fai susceptibles de suscitar controversia no tocante á súa consideración dentro da gramática. A etiqueta *marcador do discurso* é ampla e está suxeita a cambios segundo o autor que lle poña voz. Por outra banda, resulta fascinante que este proceso de gramaticalización que marca o paso dun verbo de movemento a unha interxección sexa compartida por diversas formas verbais e por diferentes linguas. Este feito levaranos a afondar na cuestión das metáforas, a cal dará resposta ao interrogante de por que non é un fenómeno exclusivo da lingua galega. Así, centraremos a nosa análise en tres verbos –*andar*, *ir* e *vir*– e as súas formas *anda*, *andá*, *vaite*, *vaites* e *veña* como mostra representativa deste fenómeno de gramaticalización.

Este traballo pretende esclarecer, na medida do posible, os conceptos de interxección e marcador do discurso e estudar a súa versatilidade, especialmente distinguida nos verbos de movemento. Alén diso, téntase facer unha contribución a este aspecto concreto dos estudos da lingua galega e poñela en paralelo con outras linguas nas que tamén se ten traballado este asunto. No ámbito da lingüística galega, autores como Freixeiro Mato e Soraya Domínguez Portela teñen abordado este tema en profundidade, mais dende unha óptica prescritivista á que non atenderemos neste traballo. Porén, pretendemos facer unha análise detallada dos valores pragmáticos que nacen en distintos contextos e que converten estes marcadores en voces multifuncionais e polisémicas, froito dun cambio lingüístico en curso.

O traballo estruturarase en tres partes ben diferenciadas. Nun primeiro momento presentaremos as diversas definicións que se teñen dado ao longo dos anos sobre os termos *marcador do discurso* e *interxección* e sobre todo, se responden a cousas distintas ou se polo contrario, estamos ante conceptos non excluíntes. Para esta primeira parte do traballo, faremos unha revisión bibliográfica dos principais autores e autoras que teñen traballado este tema para

disipar as posibles dúbidas que poidamos ter arredor da definición destes conceptos e así, tentar inserir este traballo nunha desas visións. En segundo lugar, centrarémonos na caracterización dos verbos de movemento e no proceso de cambio lingüístico –producido mediante metáforas conceptuais–. Como veremos, este cambio non é inmediato e os novos significantes aparecerán en contextos críticos antes de consolidar a súa gramaticalización. Para rematar, describiremos os múltiples valores pragmáticos que expresan as cinco formas obxecto de análise neste traballo – *anda, andá, vaite, vaites, veña*– e que organizaremos segundo a súa función dentro do discurso, atendendo tamén a algún outro aspecto que sexa de interese para o noso estudo.

2. METODOLOXÍA

O obxectivo do traballo consiste no estudo das formas derivadas dos verbos de movemento que se deron gramaticalizado como marcadores do discurso e interxeccións. Neste traballo tentaremos caracterizar os seus valores pragmáticos. Para isto, basearémonos nunha perspectiva teórica cognitivo-funcional dos modelos de lingua baseados no uso e a teoría da gramaticalización e construcionalización.

Como soporte empírico do noso traballo, basearémonos en exemplos reais de lingua, tirados dos dous principais corpora de galego moderno actualmente dispoñibles: o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG) e o *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA). O TILG é un proxecto que se desenvolve no Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela e que comprende textos dende o ano 1612 ata o 2013, incluíndo máis de 26 millóns de palabras. O CORGA, desenvolvido no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, contén textos publicados a partir de 1975 ata a actualidade, e garda máis de 30 millóns de formas.

Nun primeiro momento quixemos analizar os valores das interxeccións e marcadores do discurso de maneira cronolóxica, mais esta idea quedou desbotada por mor da escaseza de textos en lingua galega dos séculos XVI e XVII –*Séculos Escuros*– nos que sospeitamos que se produciu este proceso de gramaticalización. Un indicio desta suposición é que non achamos ningunha destas formas no corpus do galego medieval complementario do TILG, o *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG), que cobre o período comprendido entre os séculos VIII e XVII. Así pois, preferimos centrarnos nun enfoque basicamente sincrónico no que analizamos os usos actuais que teñen estas formas, que son múltiples e variados. Un outro obstáculo co que topamos na construción do corpus do noso traballo foi o limitado número de exemplos. As unidades que procuramos son propias da lingua oral e os corpus informatizados cos que contamos da lingua galega recollen fundamentalmente textos escritos. Con todo, cremos que a mostra que ofrecemos é suficientemente representativa. Das formas xa lematizadas, obtemos, no TILG, 350 ocorrencias en 76 obras distintas de *anda*; 301 en 102 obras distintas de *vaites*; e 1154 en 205 obras de *veña*. Estes exemplos constitúen a base documental primaria do noso traballo, e serán complementados, cando for preciso, por outros do CORGA.

Unha vez configurado o noso corpus de traballo, procederemos a examinar os valores destas formas como exemplos vivos que dan conta do proceso de cambio lingüístico que se produce dentro dun contexto.

3. O ESTADO DA CUESTIÓN

3.1. A ANÁLISE DO DISCURSO

Os elementos que forman parte do discurso non foron, en termos xerais, de gran interese para os estudos da lingua ata os anos 70 do pasado século. Porén, esta situación mudou radicalmente e nos últimos lustros lévanse publicado unha enorme cantidade de obras que abranguen distintos aspectos e voces contidas no discurso e dependentes do contexto, como son aquelas obxecto de estudo neste traballo. Para situarnos nas coordenadas teóricas que engloban estes elementos, temos que nos achegar aos estudos da pragmática, xa que as unidades que imos analizar pertencen ao ámbito do discurso. Segundo Grice, a comunicación non é un mero proceso de codificación e decodificación, como afirmaba Saussure, senón que existe unha outra parte que é produto das inferencias que os falantes fan; dito doutro xeito, no proceso de comunicación hai uns significados vencellados ao contexto en que esa comunicación se produce, aos cales debemos atender. Grice considera que a distancia entre o que unha persoa di (significado da expresión) e o que quere transmitir (intención do emisor) é un significado adicional, implícito. Este significado tácito é o que Grice chama a *implicatura* dun enunciado. Dentro deste cadro, Grice (1975: 45) formula o Principio de Cooperación, xa que, segundo el, os actos de fala que se realizan nunha conversa non están desconectados uns dos outros; ben, ao contrario, son intentos de cooperación para chegaren a un obxectivo común de éxito da interacción comunicativa, que se supón que todos eles comparten (Escandell 1996; Reyes 2011). Así, o emisor ten que procurar que o interlocutor interprete correctamente a súa mensaxe a partir do contexto e as inferencias. Nesta tarefa, como veremos no seguinte punto, xogarán un papel importante os marcadores do discurso.

3.2. OS MARCADORES DO DISCURSO

Existen moitas expresións que non contribúen ao contido proposicional do discurso e que polo tanto quedaron fóra da clasificación das categorías gramaticais. Estas expresións comezaron a recibir especial atención a partir dos anos 80 logo da expansión dos estudos sobre a pragmática e a análise do discurso (Vázquez Veiga 2003). Coñécense como *marcadores do discurso*, *marcadores discursivos*, *conectores*, *conectores discursivos*, *marcadores pragmáticos*, *interxeccións* ou *partículas discursivas* (Tanghe 2016: 15). Nós referirémonos a elas como

marcadores do discurso, mais reflexionaremos arredor da cuestión de se outras que se inclúen baixo este termo paraugas –como os conectores ou as interxeccións– deben formar parte ou non desta clasificación.

De maneira xeral referimos os marcadores do discurso como o conxunto de elementos que guían as inferencias que se realizan na comunicación, é dicir, que conducen o proceso de interpretación que debe levar a cabo o interlocutor a través da especificación dalgunhas propiedades do contexto; proceso necesario ao que aludía Grice (Vázquez Veiga 2003; Portolés 2014; Cueto e López 2003). Noutras palabras, os marcadores do discurso facilitan o proceso de interpretación dos enunciados. Mais cando temos por obxecto precisar cales son estes elementos, as definicións son moitas e moi variadas, xa que ao longo dos anos non se conseguiu chegar a un consenso arredor desta cuestión. Unha das primeiras autoras en enfrontarse a estas unidades do discurso foi Deborah Schiffrin (1987) que nunha primeira definición afirmaba o seguinte: “I define markers at a more theoretical level as members of a functional class of verbal (and non verbal) devices which provide contextual coordinates for ongoing talk” (1987: 41). Schiffrin sitúa a súa análise dentro doutra máis ampla que é a da coherencia do discurso. Moitos outros autores e autoras centran a análise dos marcadores na cohesión textual, o que fai que atopemos o termo *marcador do discurso* como sinónimo de *conector*, ou hiperónimo deste, xa que tamén pode abranguer outras clases. Con todo, a definición de Schiffrin é moito máis ampla que as que veremos a continuación. Canto ás condicións que debe cumprir unha unidade para considerarse marcador do discurso, a autora marca catro: a unidade debe ser sintacticamente independente da cláusula, debe aparecer na posición inicial dun enunciado, debe ter independencia prosódica e por último, debe operar tanto a nivel local como global do discurso e en distintos planos¹, é dicir, non debe ter significado propio ou polo menos, de o ter, ha de ser feble (Schiffrin 1987: 328). Os seguintes exemplos propoñen tres expresións –resaltadas con letra grosa– que cumprirían os catro requisitos que acabamos de citar e que polo tanto poderían recibir esta nomenclatura.

(1) ¡**Anda!** Mira se vas á bodega e deixa de andarte metendo no que non deberas. (1970, Gayoso Frías, *Namoros e regueifas* [TILG, GAYNAM970, 47])

¹ Schiffrin (1987: 61, 316) fai alusión ás áreas da fonética, morfoloxía, sintaxe e semántica cando fala de nivel *local*; con nivel *global* fai referencia á pragmática. Ademais, distingue cinco planos do discurso nos que operan os marcadores: *information state*, *participation framework*, *ideational structure*, *action structure* e *exchange structure*.

(2) ¡**Vaites!** Semella que este señor quere información (1997, López López, *Biff, bang, pow. Novela case negra* [TILG, LEZBIF997, 61])

(3) ¡**veña!** ¿Con quen vou eu, logo? (1995, Graña Muíño, *Cerdido: lingua e outras realidades* [TILG, GRACER995, 62])

Próxima a esta liña atópase Martín Zorraquino (1998), que introduce a idea dos marcadores como elementos periféricos e retoma a idea da súa función de marcaren a orde e relación dunha cláusula coas precedentes e subseguintes no discurso, facendo referencia unha vez máis á cohesión e coherencia textuais. Engade, tamén, unha outra función: comentar, precisar ou contrastar o significado de toda cláusula, máis vencellada á idea de interpretar as inferencias dos interlocutores. En relación ao carácter periférico, Casado Velarde (1995: 30) tamén os considera “piezas lingüísticas que tienen como función marcar relaciones que exceden los límites de la sintaxis oracional”. Para Antonio Briz (1993: 45), os marcadores melloran a cohesión e coherencia na conversa, encadean unidades da fala, permitindo o paso dunha secuencia a outra e favorecen o mantemento do fío da conversa ao mesmo tempo que a tensión comunicativa. Na mesma liña, aceptamos a definición de Portolés (2014: 48), que recolle dous eixos fundamentais. Por unha banda, considera os marcadores do discurso como elementos periféricos e polo tanto, di, “no ejercen una función sintáctica en el marco de la predicación oracional”. Como dixemos, os marcadores son elementos do discurso e pertencentes ao estudo da pragmática; así, non desenvolven unha función sintáctica dentro da oración, senón que operan na dimensión do enunciado. No tocante á súa función, volvendo ás afirmacións anteriores, os marcadores do discurso teñen como obxectivo guiaren as inferencias que se realizan na comunicación. Esta función está estreitamente relacionada coa *distancia* da que falaba Grice entre o *que se di* e o *que se comunica*. O destinatario debe salvar esa distancia recorrendo á súa información pragmática para poder interpretar o enunciado; os marcadores do discurso constitúen unha ferramenta para acadar esta tarefa. Alén disto e canto á caracterización formal destes elementos, Portolés (2014: 48) defíneos como “unidades lingüísticas invariables”, ao que faremos referencia a continuación. En relación á nosa escolla, cabe incluír a opinión de Freixeiro Mato (2005: 58) que coincide coa de Portolés e á que engade que “a pesar de non posuíren función clausal [...] resultan necesarios na comunicación para indicaren o sentido da conexión”.

Martín Zorraquino e Portolés (1999: 4051-4213), no seu capítulo dedicado aos marcadores do discurso dentro da *Gramática descriptiva de la lengua española*, afirman que estes proceden da evolución de sintagmas que foron perdendo as súas posibilidades de flexión e combinación e que ademais, abandonaron o seu significado conceptual. A perda de significado é unha característica á que tamén alude Schiffrin (1987: 317-318), desenvolvendo a idea máis polo miúdo. A autora sostén que aínda que parte da forza comunicativa dos marcadores se deba á súa localización no discurso, tamén é responsabilidade das propiedades lingüísticas que teñen as expresións empregadas como marcadores. Polo tanto, debemos ter en conta tanto o significado referencial (semántica) como as propiedades gramaticais (sintaxe). Segundo Schiffrin, os marcadores non teñen un significado de seu, nin social nin expresivo, senón que se dispoñen en distintos lugares do discurso e son os enunciados situados neses lugares os que son interpretados como significados sociais ou expresivos. Un exemplo que concreta esta explicación é o marcador *but* ('pero', 'mais'), un dos once marcadores que analiza esta autora na súa obra; este non significa por si só 'contrariedade', aínda que o enunciado que preceda sexa interpretado deste xeito. A teoría que propón a autora suxire que son os marcadores os que *seleccionan* un significado a partir de calquera dos posibles significados do discurso, e despois *proxectan* esa relación de significado. É dicir, que calquera significado inherente ao marcador debe ser compatible cos que aparecen no discurso que o rodea. Tanghe (2016: 17) sintetiza esta idea moi acertadamente dicindo que o valor dos marcadores depende do contexto e que a súa omisión non cambia o contido proposicional do enunciado.

Ata o de agora caracterizamos os marcadores do discurso segundo a súa función e o papel que desempeñan dentro do discurso, mais, cal é a súa forma? Se existían múltiples opinións canto á súa definición, a disparidade non mingua cando tentamos estipular un tipo de palabra que cumpra esta función dentro do discurso. Resulta de gran dificultade atopar puntos comúns xa que a escolla vai depender das distintas descrições que se fagan do concepto de *marcador*. Para Fraser (1999: 942-943), a etiqueta *marcador discursivo* abrangue conxuncións, adverbios e frases preposicionais; pola contra, exclúe desta definición algúns adverbios, partículas focalizadoras, marcadores de pausa, partículas modais e os vocativos ou interxeccións. Outra autora que inclúe os marcadores no grupo dos adverbios e expresións adverbiais é Fuentes Rodríguez (1998). Todos estes autores e autoras están a considerar os marcadores do discurso na súa acepción como *conectores*, á que nos referimos previamente.

A ausencia de consenso neste asunto fai que non sexa doado atopar unha proposta de definición única e incontrovertida. Para a nosa análise, empregaremos o termo *marcador do discurso* como termo paraugas para concatenar todas aquelas formas que quedan fóra do nivel oracional e que melloran a coherencia textual, empregándoo de maneira máis laxa e deixando aberto o inventario heteroxéneo de formas. Daquela, non imos seguir outras suxestións de autores como Freixeiro Mato (2005, 2016), Fraser (1999) ou Martín Zorraquino e Portolés, (1999) que reducen esta categoría aos *conectores*. Porén, consideraremos os conectores como hipónimos dos marcadores discursivos e veremos que outras clases poden formar parte desta clasificación. Unha das unidades sobre a que se ten debatido moito é a interxección, polo que veremos primeiro cales son os seus trazos representativos para así poder, máis adiante, incluír ou non estes elementos dentro dos marcadores do discurso.

3.3. AS INTERXECCIÓNS

3.3.1. DEFINICIÓN

Se os marcadores do discurso presentaban dificultade á hora de establecer unha definición pechada, coas interxeccións non acontece algo distinto. Esta clase de palabra caracterízase tamén pola súa heteroxeneidade e non resulta doado determinar que tipo de items lingüísticos reciben esta etiqueta. A natureza das interxeccións e a polémica sobre se estas pertencen ou non á linguaxe é un debate aberto hai moitos séculos. Algúns lingüistas deixan fóra este tipo de elementos por consideralos unha simple realización natural, incluso etolóxica (Goffman 1981). Esta idea nada ten de nova: para os gramáticos latinos as interxeccións non eran contempladas como palabras convencionais, senón como expresión natural de sentimentos ou estados mentais. Tamén se teñen chamado ‘palabras puramente emocionais’, ‘items léxicos para expresar emocións’ ou mesmo ‘palabras ou sons para expresar sentimentos’. Quizais a aseveración máis extremista sexa a formulada por Muller (1866: 409): “language begins where interjections end”. A marxinación que recibiron estas formas ao longo da historia dos estudos gramaticais débese a que durante moito tempo non foron contempladas como unha clase de palabra, etiquetaxe que hoxe segue a ser discutida. A interxección foi desbotada da análise lingüística por mor da súa inexistencia dentro dos límites da oración, mais hai quen sostén tamén que esa natureza impetuosa fai delas algo esencial á linguaxe (García 1960: 75).

Ora ben, o desacordo no tocante á clasificación da interxección non vén dado só pola súa natureza, senón tamén polas súas características sintácticas. Xa na Grecia clásica había dúas posturas ben diferenciadas arredor desta cuestión. Para uns, as interxeccións quedaban fóra da oración e polo tanto non merecían o cualificativo de clase de palabra; outros, como Dionisio de Tracia, preferían incluílas dentro dos adverbios, proposta que callou mesmo ata o Renacemento, con gramáticos como Nebrija. A partir de 1870 entra en xogo unha nova variante: a equiparación da interxección e a oración; en consecuencia, non se analiza xa a interxección como algo alleo á oración ou contido nela, senón como un igual (Vázquez Veiga 2003: 41-43). Non afondaremos máis nesta cuestión de momento e situarémonos a favor da interxección como parte da nosa linguaxe. Porén, o debate non remata aquí: resta determinar que é, en última instancia, unha interxección.

En primeiro lugar, existe unha distinción entre interxeccións *primarias* e *secundarias* que foi formulada por Ameka (1992: 105-111) e que nace da idea de que non todas as interxeccións contribúen á comunicación do mesmo xeito. As interxeccións primarias son palabras que non poden ser empregadas con ningún outro sentido máis que o de interxección. Neste grupo entrarían aquelas expresións máis dubidosas de pertenceren á linguaxe. Pon como exemplos *oops* ou *ouch* para a lingua inglesa –para a galega poderían ser *oh* e *ah*– e descríbeos como items non produtivos xa que non se poden flexionar nin derivar. Por outra banda, temos as interxeccións secundarias, que son as que nos competen neste traballo e que polo tanto analizaremos máis polo miúdo. Os exemplos que achega Ameka no seu estudo, para entendermos este outro grupo, serían *hell* e *shit* –*carallo* ou *merda* en galego–. Estas interxeccións secundarias serían aquelas formas que aínda pertencendo a outras clases de palabras dende o punto de vista semántico, funcionan por si mesmas como un enunciado e o seu uso refire a estados mentais. Tanto as primarias como as secundarias comparten a característica de seren sintacticamente independentes e de aí que formen un enunciado por si mesmas.

Esta división fai moitas veces con que os lingüistas só recoñezan como interxeccións un destes conxuntos. Como vimos ata o de agora, as interxeccións primarias son vistas, en moitos casos, como respostas non intencionadas, naturais, que transmiten sentimentos e emocións e, polo tanto, non entran a formar parte dos elementos da linguaxe (Goffman 1981: 99) . Moitos outros estudosos da cuestión asocian ambos os dous tipos baixo a mesma nomenclatura, como

acontece na *Gramática da lingua galega* (Álvarez e Xove 2002) que empregaremos para definir as características principais deste tipo de palabra.

En primeiro lugar, as interxeccións son palabras invariables que non cumpren unha función oracional nin frástica e poden aparecer tanto de maneira illada como ao inicio, final ou no medio doutro enunciado. En segundo lugar, realízanse entre pausas, que na escrita se marcan con signos de puntuación. Unha outra característica, especialmente interesante para a futura análise daquelas formas que proveñen dos verbos de movemento, é o feito de que non teñen un significado léxico. Non ten por que haber un contido semántico definido, senón que “se concreta en cada realización, nun contexto e cunha entoación precisos: *ah* pode indicar recoñecemento, admiración, satisfacción, alegría, pena, sorpresa...” (Álvarez e Xove 2002: 667-668). O que permiten as interxeccións é transmitir de maneira sintética un significado que podería ser expresado con unidades sintácticas moito máis extensas.

Aínda que comparten moitos trazos, como a entoación marcada ou a orixe onomatopeica, as interxeccións non deben ser confundidas cos vocativos, onomatopeas, exclamacións ou outros enunciados reducidos (por exemplo, *abur* e *saúde*). Isto concorda co exposto por López Bobo (2002: 53), quen matiza que as interxeccións están vinculadas a unha determinada estrutura sintagmática e modalidade oracional: a exclamativa, que se encarga da función expresiva, o que pode levar a mesturala con esoutras formas.

Ademais das propiedades que acabamos de referir como definitivas das interxeccións, na gramática de Álvarez e Xove retómase posteriormente a idea de Ameka de desdobralas en primarias (ou *propias*) e secundarias (ou *impropias*). É interesante a consideración que fai das segundas como “formas que existen ou existiron como pertencentes a outras clases de palabras e que se gramaticalizaron como interxeccións” (Álvarez e Xove 2002: 670) aludindo directamente ao proceso que sufriron as voces *anda*, *veña* e *vaite(s)* como veremos máis adiante.

Unha vez vistos os trazos esenciais das interxeccións, observamos que se acentúa a idea da súa independencia sintáctica e a súa correspondencia co enunciado. Para comezar, debemos pararnos na idea que presentabamos anteriormente na que se dicía que a partir de 1870 a interxección era entendida por algúns como equivalente á oración. Se ben a interxección goza de autonomía dende o punto de vista sintáctico, semántico e prosódico; esta non contén no seu interior a estrutura de suxeito-predicado e tampouco lle podemos outorgar un significado fóra do contexto no que se insire (Vázquez Veiga 2003: 45-48). É precisamente por isto último que a

interxección debe ser comprendida e analizada dende un punto de vista pragmático, como un elemento propio do discurso e por conseguinte, debemos comparalo con estruturas como o *enunciado* e non caer no erro de equiparalas á oración (aínda que algúns autores se escuden reducindo o abano ás oracións unimembres). O enunciado, segundo Escandell (1996: 27-29) é a expresión lingüística que produce o emisor, e para o noso interese engade, “pueden ser enunciados tanto una simple interxección como un libro entero”. A interxección é a única palabra que pode formar un enunciado por si mesma, e polo tanto, oponse en bloque a todos os outros tipos de palabra, sen deixar de ser, por isto, un deles. O que está claro é que a súa aceptación como elementos do discurso está relacionada co feito de que sexan palabras conectadas cos sentimentos e polo tanto, que os seus significados estean máis ligados ao expresivo e apelativo do que ao representativo. É probable que as interxeccións que se atopen máis claramente neste estado de excepción sexan as primarias dado que a súa orixe é puramente natural e a súa formación parte de estruturas fonéticas e morfolóxicas en moitos casos atípicas na propia lingua (Ameka 1992: 105-106). Mais no noso estudo centrarémonos nas interxeccións secundarias, que aínda mantendo o espírito expresivo e apelativo, derivan doutros tipos de palabra – neste caso, formas verbais– que, debido á súa produtividade, acabaron sendo habilitadas como interxeccións mediante un proceso de gramaticalización.

3.3.2. OS VALORES SEMÁNTICOS DA INTERXECCIÓN

Antes de falar dos valores semánticos da interxección, debemos situarnos nun contexto moito máis amplo, que é o das funcións da linguaxe. Para examinarmos os distintos valores das interxeccións e marcadores do discurso derivados dos verbos de movemento –análise na que afondaremos máis adiante– partiremos das seis funcións da linguaxe que estableceu Jakobson (1984) a partir do modelo de Bühler². En calquera acto de comunicación interveñen seis elementos: o emisor, o destinatario, o contexto, a mensaxe, o código e a canle. De acordo con Jakobson, cada un destes elementos determinaría unha función da linguaxe. Nun primeiro grupo, aparecerían a función *referencial*, orientada ao contexto; a función *emotiva* ou *expresiva*, centrada no emisor; e a función *conativa* ou *apelativa*, que se centra no destinatario. Ademais disto, engade, a función emotiva expresa a actitude do falante ante aquilo do que se fala, por iso

² Karl Bühler (1879-1963) organizou a linguaxe arredor de tres funcións: representativa, apelativa e expresiva e foi deste sistema do que partiu Jakobson para formular a súa teoría, xa que esta lle parecía incompleta.

o estrato puramente emotivo é representado na linguaxe por medio das interxeccións. Tamén precisa que a función apelativa é expresada gramaticalmente a través dos vocativos e imperativos (Jakobson 1984: 352-354). Estas dúas afirmacións serán importantes telas en conta para a nosa futura análise. As tres funcións que acabamos de ver coinciden coa análise de Bühler, mais a continuación enunciaremos outras tres que nos propón este autor. Se poñemos a nosa atención na canle de comunicación, aludimos á función *fática*. En ocasións, formulamos mensaxes coa única función de establecer, manter ou interromper a comunicación, para asegurarnos de que a canle de comunicación funciona, para chamar a atención do interlocutor ou mesmo para confirmar que a súa atención se mantén. Se pola contra o emisor e receptor focalizasen o seu discurso no código para confirmar que están a empregar o mesmo, estaríamos ante a función *metalingüística* da linguaxe. Por último, resta a función *poética*, orientada á mensaxe (Jakobson 1984: 356-358). Cómpre dicir que non todas as funcións serán pertinentes na nosa análise, mais é importante situar o marco no que nos imos mover para posteriormente detallar os diversos valores que adquire cada interxección en cada contexto.

Para analizarmos os posibles valores semánticos que transmiten as interxeccións, poñeremos o foco nas secundarias –ou impropias– que segundo López Bobo (2002) son as unidades especializadas na manifestación de contidos expresivos. Algúns tipos de palabra, logo de sufriren un proceso de gramaticalización, convertéronse en interxeccións impropias, pasando a unha modalidade expresiva a partir dun valor apelativo dominante, probablemente derivado de formas como imperativos, vocativos ou formas exhortativas; mais esta hipótese será examinada máis adiante. De acordo con López Bobo, estas formas tenden a renovarse de xeito habitual e a presentaren variantes xeográficas e sociais, xa que o manifestar contido expresivo provoca o seu desgaste. Alén da continua renovación, estas formas tenden a manter a súa estrutura orixinal como substantivos, adxectivos, verbos ou adverbios; de aí que sexan formas multifuncionais, actuando nuns casos con valor textual e noutros como unidades modais³ –uso interxectivo– (López Bobo 2002: 34-35).

Cómpre deterse e reflexionar sobre un dos trazos que se ofreceron previamente para describir as interxeccións. En relación á ausencia de contido semántico propio das interxeccións, é importante engadir que unha soa interxección pode expresar varios significados e de igual

³ “Las interjecciones tienen realmente un significado modal, pues muestran la actitud del hablante ante el contenido del mensaje” (Rodríguez Ponce 2005: 4)

xeito, o mesmo significado pode ser expresado mediante múltiples interxeccións. Noutras verbas, as interxeccións son voces extremadamente versátiles e o seu valor semántico está inherentemente ligado ao contexto. Insistimos unha vez máis na noción de que as interxeccións transmiten reaccións e emocións dos falantes. Así, para expresar sorpresa, alegría, tristeza, dor, incredulidade etc. temos infinitas formas na nosa lingua, dende formas propias como *ah*, *ai* e *oh* ata outras impropias, como serían *anda*, *andá* e *vaites* (Álvarez e Xove 2002: 670). De acordo con Freixeiro Mato (2002: 684), o significado das interxeccións, aínda dependendo totalmente do contexto, vese afectado pola entoación e existe unha correspondencia de significados para cada forma. Sendo tan numerosos os valores a expresar –tantos como emocións experimentamos– as interxeccións tamén poden ser clasificadas segundo a súa función.

Como fomos vendo ata o de agora, o cometido principal das interxeccións é a función *expresiva*, posto que informan sobre as actitudes do emisor e é imposible decodificalas no seu sentido máis literal (López Bobo 2002: 53). Cómpre, porén, ter en conta que nun acto de fala interveñen un emisor e receptor e de aí que aquelas interxeccións que teñen que ver co interlocutor sexan coñecidas como *apelativas*. Dentro destas distinguimos as que pretenden chamar a atención –*ei*–, as que aseguran a intercomprensión –*eh*, *ou*–, as imperativas e exhortativas que incitan á acción –*anda*, *opa*, *veña*–, as que interrompen –*che*, *alto*–, as que advirten dun perigo –*eh*, *alerta*– etc. (Álvarez e Xove 2002: 670). O que pretenden é informar da vontade do emisor de actuar sobre o seu interlocutor e o seu valor emana xustamente dese vínculo comunicativo que se crea pola presenza do receptor, mais tamén se debe, nalgúns casos, á súa procedencia de formas imperativas e exhortativas (López Bobo 2002: 53).

Outra función que tamén se lle atribúe ás interxeccións é a función *fática*, que ten como fin establecer, manter ou interromper a comunicación para verificar se a canle funciona, ou sexa, para conservar o contacto co interlocutor. As formas que propón López Bobo (2002: 58) para a lingua española son *hombre*, *claro*, *bueno*, *vamos*, *vaya*, *anda* etc. e di que de estar totalmente desemantizadas, poden funcionar como controladores da mensaxe, marcadores de contacto ou continuativos. Polo que observamos, a función que desempeñan xa non ten contido modal e polo tanto fainos dubidar da súa clasificación como interxeccións. Semella que o seu papel consiste na organización do discurso, situándose, así, máis preto da definición que dabamos de *marcador do discurso*. Este panorama tan amplo e difuso de valores semánticos fainos dubidar da clasificación que merecen estas formas e lévanos a preguntarnos se estamos a falar ben de interxeccións, ben

de marcadores do discurso; ou se, porén, as interxeccións non son máis que un tipo de marcadores. Desenvolveremos esta idea con máis detalle no seguinte punto.

3.4. SON AS INTERXECCIÓNS MARCADORES DO DISCURSO?

Ata este momento viñemos analizando os marcadores do discurso e as interxeccións como elementos illados e valorando as diferentes visións do que os estudosos consideran que son estas unidades. Agora ben, puidemos comprobar tamén que moitos dos puntos que fomos tocando eran compartidos polas dúas formas. A continuación, procederemos a ver ata que nivel esas semellanzas permiten que falemos dun mesmo concepto ou se estamos ante dúas categorías distintas.

En primeiro lugar, para Cueto e López (2003: 78) tanto interxeccións como marcadores son unidades que non teñen como obxectivo codificar conceptos, senón conducir inferencias. De aí que un dos trazos que comparten e que destacamos como básico e elemental é o feito de seren ambas as dúas formas elementos do discurso. A seguir, debemos ter en conta que entendemos por marcador do discurso. Se a súa definición se equipara á de conector, non todas as interxeccións estarían recollidas baixo esta nomenclatura, xa que non comparten os mesmos trazos definitorios. Unha das características máis salientables das interxeccións é que sen necesidade doutros elementos, poden formar un enunciado; os conectores, pola contra, non (Ameka 1992: 105). As interxeccións non teñen significado proposicional mais teñen forza ilocutiva⁴, o que lles permite constituír un acto de fala. Con todo, existen algunhas interxeccións que si teñen puntos en común cos conectores, por iso algúns autores, como Vázquez Veiga (2003), as inclúen dentro dos marcadores do discurso, concretamente na subcategoría de *organizadores da conversa*. O punto intermedio no que coinciden ambas as dúas formas é cando funcionan como elemento de enlace. No caso de apareceren as interxeccións introducindo un enunciado, o seu uso aproxímase ao dos membros prototípicos da categoría de marcadores do discurso, isto é, os conectores (Ameka 1992: 105). Esta idea tamén está presente en Tanghe (2016: 30), quen afirma que cando unha interxección vai acompañada polo enunciado que especifica o seu significado, aseméllase a un conector pragmático.

Tamén se ten empregado a nomenclatura *marcador pragmático* como sinónimo de *marcador do discurso*, mais sen entender este último como sinónimo de conector. Segundo

⁴ Este termo foi acuñado por Austin (1962), que define a *forza ilocutiva* como a intención que temos ao dicir algo.

Brinton (1996: 30-31), os marcadores pragmáticos son aqueles elementos que cumpren as seguintes funcións:

1. Expresan a relación dun acto de fala con outro anterior ou co contexto.
2. Teñen a capacidade de estruturar o discurso.
3. Actúan como sinais de resposta.
4. Son un recurso para manter a progresión da conversa.
5. Considéranse, en esencia, parte da interacción comunicativa.

Entendemos estas funcións como múltiples e por veces dispares, polo que supoñemos que para seren cumpridas, os marcadores pragmáticos deben albergar diversos tipos de palabra que constituirían un inventario moi amplo. Para acoutar a listaxe, Brinton (1996: 32-35) propón unha serie de características que todas as formas terían en común:

- Os marcadores pragmáticos son principalmente un trazo da oralidade e nacen da informalidade deste tipo de discurso, é por iso que están estigmatizados e non aparecen en discursos formais.
- Adoitan ser breves en canto á realización fonolóxica.
- Ocupan na maior parte dos casos a posición inicial do enunciado, mais isto non é algo restritivo, senón que poden aparecer tamén en posición media ou final.
- Xeralmente, non portan significado proposicional, emporiso, cando proceden doutras formas, poden manter parte dese significado orixinal.
- Sitúanse fóra da estrutura sintáctica –ou vagamente unidos a ela– como consecuencia, non desempeñan unha función gramatical.
- Constitúen un grupo heteroxéneo de items; non veñen todos da mesma fonte gramatical, senón que proceden dunha variedade de categorías tradicionais. Para pechar esta sucesión de características e retomando o previamente visto, diremos que
- Os marcadores pragmáticos son multifuncionais –operan en distintos planos–.

Acrescentaremos esta sucesión de características con algunhas que propón Tanghe (2016: 38-40) respecto do plano sintáctico:


- A imposibilidade de levar complementos ou especificadores⁵.
- Tampouco poden coordinarse entre si, sobre todo as interxeccións.

⁵ Algúns marcadores admiten complementos con *de*, *se* ou *que* mais estas son combinacións fixas (Tanghe 2016: 38-39). En galego teríamos algúns exemplos como ‘veña de aí’, ou ‘anda que’.

- Non se poden someter á negación nin á interrogación e menos aínda, ser focalizadas; ao atopárense fóra da oración, non poden ser destacadas por ningún tipo de estrutura, xa que como dixemos, non se poden combinar con especificadores.
- Non poden ser substituídas nin por pronomes, nin por deícticos.

Ademais dos seus trazos definitorios, Brinton (1996: 37-38) engade unha nova listaxe de funcións que lle atribúe a estas unidades da lingua e que resulta de gran interese. Dentro desta selección, resulta claramente evidente que non todas corresponden a un mesmo tipo de palabras. Citaremos só as máis relevantes e que fan referencia ao tipo de unidades que nos competen neste traballo. A primeira delas consiste en iniciar ou pechar o discurso, incluíndo a chamada de atención ao interlocutor. É curioso que neste uso se concatenen o prototipo de interxeccións, que se encargarían da parte máis apelativa, e o de conector, que abriría e pecharía o discurso. Por outro lado, márcanse tres funcións que serían tamén propias dos conectores: limitar o discurso, presentando un novo tema ou facendo unha corrección ou especificación; indicar nova información, ou vella; e, por último, marcar a relación de dependencia que se establece entre unhas secuencias e outras. Tamén engade outra función que fai alusión ás interxeccións; a de ter a capacidade de expresar unha resposta, reacción ou actitude ante un acto de fala (previo ou posterior).

Aceptaremos como definitiva a descrición que Brinton (1996) fai destes elementos, xa que se axusta á nosa proposta de contemplar conectores e interxeccións como cohipónimos, e non como elementos desconectados. No entanto, inclinámonos polo termo *marcador do discurso*, por ser o máis empregado polos estudosos desta materia e especialmente, polos que se ocupan dela no ámbito da lingüística galega. A clasificación destas unidades sería a seguinte:



4. A EVOLUCIÓN DOS MARCADORES DO DISCURSO DERIVADOS DE VERBOS DE MOVEMENTO

4.1. OS VERBOS DE MOVEMENTO: *ANDAR*, *IR* E *VIR*

En primeiro lugar, comezaremos por expoñer os trazos propios dos tres verbos –*andar*, *ir* e *vir*– dos que derivan as formas discursivas que son obxecto deste estudo. É necesario poñer sobre a mesa aquelas calidades que os caracterizan para, así, podermos entender a súa versatilidade, a motivación dos cambios gramáticos e semánticos que experimentan e, sobre todo, para xustificar o que teñen en común eses cambios nos tres casos.

Os verbos de movemento non causativos do español poden ser divididos en dúas clases segundo a súa natureza semántica e sintáctica: verbos de desprazamento e verbos de modo de moverse. *Ir* e *vir* pertencen ao primeiro grupo, mentres que *andar* se sitúa no segundo (Morimoto 2001: 43-44). Podemos dicir que os verbos de desprazamento direccional –no noso caso, *ir* e *vir*– expresan inherentemente unha traxectoria e carecen da compoñente de modo; pola contra, os verbos de modo de desprazamento –*andar*– levan inherente un modo, mais non explicitan a traxectoria (Tanghe 2016: 53). No caso da lingua galega, os verbos do primeiro grupo inclúen a traxectoria na propia forma verbal, polo que se queremos indicar o modo de desprazamento, debemos incluír un complemento. O mesmo acontece cos verbos de modo de desprazamento, que precisan dun complemento locativo para indicar a dirección (Talmy 2007: 89). Podemos ver como esta distribución muda segundo a lingua; exemplificarémolo comparando a lingua galega coa lingua inglesa:

(4) Unha rapariga **cruzou** [Vdir] a Alameda camiñando [COMPmodo] cos pés abertos
(2009, Villar, *A praia dos afogados* [CORGA])

En inglés, a construción sería algo así como “a girl **walked through the Alameda**”, recaendo o valor de dirección na preposición e non no verbo, ao tratarse *walk* dun verbo de dirección. No caso galego, *cruzar* é un verbo de dirección e o que transmite o complemento é o modo.

Outro elemento que inflúe no valor semántico dos verbos de movemento é a *deíxe*, que expresa ben un movemento cara ao falante, ben cara a unha dirección contraria. A *deíxe* é, de feito, o elemento que marca a diferenza entre os verbos *ir* e *vir*. Cando falamos, establecemos un centro deíctico, que coincide coa posición do falante. *Ir* indica afastamento do centro deíctico e

ao contrario, *vir* expresa o achegamento a ese centro (Tanghe 2016: 53-55). Este aspecto será relevante á hora de entender as expresións metafóricas que se crean a partir destes verbos.

Á parte diso, debemos reparar na orixe das formas que imos analizar (*veña, vaite, vaites, anda, andá*), xa que non todas derivan da mesma categoría verbal. En concreto, ímonos centrar no modo verbal. Por unha banda, agruparemos as formas *vaite* e *anda* –procedencia de *vaites* e *andá*– que se corresponden co modo imperativo; por outra, estudaremos *veña*, un presente de subxuntivo. Segundo afirma Company Company (2004: 52), os marcadores deverbais desgramaticalízanse, principalmente, dende os modo imperativo e subxuntivo.

O imperativo é a forma máis recorrente dada a súa aparencia breve e a súa liberdade posicional. Ademais, dende un punto de vista semántico, o seu carácter exhortativo faino axeitado para adaptarse á categoría de interxección (López Bobo 2002: 40-41). O imperativo é o modo da función apelativa e do mesmo xeito que a interxección, tenta producir reaccións no interlocutor. Ambas as dúas categorías comparten a ausencia de predicación declarativa, a supresión do contido semántico oracional e constitúen enunciados que non poden ser declarados como verdadeiros ou falsos, nin admitir a modalidade interrogativa. O inventario de interxeccións impropias enriquecese con novas formas procedentes de imperativos, que ao desgramaticalizárense, adquiren valores expresivos e características morfosintácticas propias das interxeccións (proceso do que falaremos no seguinte punto). A diferenza principal entre un imperativo e unha interxección é o predominio da modalidade apelativa do primeiro, sobre a expresiva, da segunda. O imperativo focaliza o seu uso na expresión de mandatos, mentres que a interxección conduce o uso cara á parte emotiva e perde o seu significado referencial (López Bobo 2002: 60-61). Así mesmo, o imperativo tamén expresa actos ilocutivos indirectos como dar consello, dar ánimo, expresar rogo, atraer a atención ou expresar desexo. Todos comparten o feito de que hai un emisor que pretende facer actuar a un destinatario e polo tanto, para que a acción se realice con éxito, o destinatario debe estar presente no contexto do discurso.

Distinto é o caso do modo subxuntivo, que transmite un desexo e no que, polo tanto, a presenza do interlocutor non é imprescindible. O modo subxuntivo adoita presentarse en contraposición ao modo indicativo e este antagonismo radica en tres puntos: realidade vs. irrealidade, feitos vs. hipóteses e obxectividade vs. subxectividade. Por esa razón, dicimos que o subxuntivo é o modo que expresa posibilidade e desexo. Existe no entanto certa relación formal entre os modos imperativo e subxuntivo xa que nalgunhas ocasións se recorre ao subxuntivo para

completar o paradigma do imperativo. Con todo, independentemente do modo verbal orixinario, todas as interxeccións derivan dunha forma verbal utilizada con valor exhortativo (Tanghe 2016: 61-64). Coa transformación en interxección, as novas formas manteñen a función apelativa inicial, mais o valor semántico orixinario desapareceu, é dicir estas formas xa non pretenden que se leve a cabo a acción de movemento que se indica no significado do verbo orixinario (Tanghe 2013: 5).

Segundo Castillo Lluch (2008: 1750), canto máis pragmaticalizada está unha forma, máis desmotivada se volve semanticamente en relación á forma orixinaria. Neste contexto, moitas veces, prodúcese reduplicacións da forma que, como veremos, son moi frecuentes nos marcadores derivados de verbos de movemento: *anda, anda; vaites, vaites* etc. O que se pretende é obter un realce do seu valor, e ambos os dous marcadores reduplicados teñen o mesmo significado. Agora ben, este fenómeno non se dá en todas as situacións, senón que as repeticións son menos frecuentes nos valores metadiscursivos –pois non é necesario insistir neste valor– e predominan nos usos expresivos e apelativos (Tanghe 2016: 209-210). Álvarez e Xove (2002: 671) engaden que ademais de achegar un valor intensificador, de mudar a entoación, “a serie repetida adquire un significado diferente”. Aínda non estando presentes no noso traballo os aspectos prosódicos, podemos afirmar que este cambio de significado ligado á entoación é moi notable nos usos irónicos.

Alén deste uso dobre que afecta a todas as formas, hai outros dous marcadores, concretamente aqueles procedentes de imperativos –*vaite* e *anda*–, que experimentan unha segunda fase de cambio que muda a súa forma como novo signo lingüístico. No caso de *vaite*, trátase dun cambio morfolóxico, no que se engade un –s no final de palabra (*vaite* > *vaites*); e canto a *anda*, prodúcese o desprazamento do acento (*anda* > *andá*).

En primeiro lugar, veremos en que consistiu o proceso de *vaites*. Esta nova forma iría un paso máis alá no proceso de gramaticalización, desligándose das súas orixes no verbo de movemento e consolidándose como palabra invariable diferenciada. Así, experimenta un cambio no seu significante engadindo un –s final propio de outros tipos de palabra invariables como os adverbios, polo que formulamos a hipótese de que se trate dun cambio analóxico cara a esta clase de palabra. Un dos procedementos analíticos de formación de adverbios é o denominado “–s adverbial” (Ferreiro 1999: 352; Penny 1991: 117), que temos noutras formas galegas como *mentre>mentres, ante>antes, onte>ontes* (forma dialectal actual) *somente>somentes* etc.

Polo que se refire a *andá*, non resulta estraño este desprazamento acentual, xa que estamos ante unha forma interxectiva, unha categoría moi lábil desde o punto de vista dos seus padróns prosódicos. Este desprazamento, de carácter enfático, contribúe a reforzar o valor expresivo das interxeccións, ademais de consolidar un significante novo que se distancia do imperativo. Algunhas interxeccións que comparten este fenómeno son: *ola>olá*, *ole>olé*, *ostia>ostiá*, *ostras>ostrás*; e na lingua española (NGLE 2009: 2488-2489), *ojalá>/'oxala/>/o'xala/* ou *ahí va>/'aiba/>/a'iba/*.

Ambas as dúas mudanzas formais (*vaite>vaites*, *anda>andá*) responden a un fenómeno común de *construcionalización* de novos signos lingüísticos, definido por Traugott e Trousdale (2013: 22) do seguinte xeito:

Constructionalization is the creation of form[new]-meaning[new] (combinations of) signs. It forms new type nodes, which have new syntax or morphology and new coded meaning, in the linguistic network of a population of speakers. [...] Minimally, constructionalization involves neoanalysis of morphosyntactic form and semantic/pragmatic meaning; discourse and phonological changes may also be implicated at various stages.

Este proceso o que pretende é estabilizar o signo lingüístico de maneira que un novo valor semántico estea conectado a unha nova forma diferenciada (restablecendo así o equilibrio 1 significante = 1 significado). Con todo, os novos vocábulos –*andá*, *vaites*– non conseguiron desprazar as anteriores –*anda*, *vaite*– e como veremos, para expresar un mesmo valor semántico, conviven ambas as dúas, aínda que non intercambiábeles en todos os contextos.

Resumindo, as formas *anda*, *vaite* e *veña* comparten o seren todas elas verbos de movemento, aínda que xa vimos que de distinto tipo. As dúas primeiras corresponden ao modo indicativo e ademais, están formuladas na P2; porén, *veña* coincide coa P3 do presente de subxuntivo. Non todas elas indican obriga ou mandato, senón que como xa vimos, o modo subxuntivo tamén pode expresar desexo (Tanghe 2016: 72-73). *Andá* e *vaites* son formas posteriores que apareceron como consolidación dun novo tipo de palabra e que pretenden destacar algún aspecto: no caso de *andá* o valor expresivo e no de *vaites*, a fixación dunha nova interxección. No seguinte punto veremos como se produce o paso dunha categoría gramatical a outra –de verbo a interxección– e en que medida o contexto afectou ao cambio de significado.

4.2. O PROCESO DE *PRAGMATICALIZACIÓN* E O CAMBIO SEMÁNTICO

De acordo con Meillet (1912/1965: 130-131), existen dous procesos involucrados na creación de marcadores gramaticais. Un é a conversión dunha palabra autónoma nun elemento gramatical, e o outro é a acción da analoxía. Estas dúas fases non teñen a mesma relevancia no proceso de gramaticalización, sendo o primeiro, que envolve a perda do significado léxico, o máis importante. Por que son as unidades léxicas as que sofren estes procesos de gramaticalización e non outras unidades? De acordo con Kuryłowicz (1964: 245), as unidades léxicas son as compoñentes fundamentais, tanto a nivel simbólico como deíctico, dun acto de fala. Concreta esta teoría dicindo que un enunciado está encadrado nun espazo e tempo concretos, que se manifestan nos pronomes persoais e nos tempos verbais. Así, as categorías que están directamente conectadas coa situación do acto de fala, serán tomadas como punto de partida para a elaboración de novas categorías gramaticais. Traugott (1982: 247) argumenta que a gramaticalización é o resultado directo da interacción entre as limitacións fonolóxicas e semánticas no uso da linguaxe. O cambio fonolóxico tende a reducir a información, como resultado da celeridade do discurso. Pola contra, o cambio semántico-sintáctico pretende manter e incluso ampliar esa información; así, inevitablemente, prodúcese a *deslexicalización* ou *baleiramento semántico* das unidades léxicas, mudando dunha función principalmente descritiva e referencial a outra baseada na actitude do interlocutor coa intención de articular un discurso claro, coherente e expresivo.

Company Company (2008: 202-203) expón que a gramaticalización consiste en resolver as estratexias do discurso, de maneira que aqueles fenómenos lingüísticos que operan no nivel discursivo –gañando carga expresiva– se convertan en estruturas gramaticais habituais. Este esquema semellaba ser o único presente no proceso de gramaticalización e o que levamos visto ata o de agora. Porén, nos últimos anos o avance nestes estudos amosa que o paso dun estado a outro tamén se produce no sentido inverso, dándose casos nos que formas propias da sintaxe pasan a unha categoría menos gramatical; dito doutro xeito, formas dependentes trocan a libres, palabras gramaticais a léxicas, pasamos da morfoloxía á sintaxe, da sintaxe ao discurso etc. En consonancia con Company (2008: 203), a medida que as construcións son enriquecidas pragmaticamente e gañan significados apreciativos, van sendo sometidas a un proceso de decategorización e debilitamento do seu contido referencial orixinario. Debido a isto, amplían o seu alcance proposicional e teñen maior independencia da estrutura sintáctica. Nesta obra, a

autora propón tres grandes procesos de gramaticalización, sendo un deles de interese para o noso traballo: o paso da gramática ao discurso. Conforme a isto, as características sintácticas e morfolóxicas da palabra orixinaria desaparecerían e chegaríamos a unha situación de illamento sintáctico propio do nivel do discurso (Company 2008: 206). Un dos exemplos que propón é a conversión dun verbo de movemento nun marcador discursivo, proceso que nos compete neste estudo.

Previamente falamos do valor semántico conceptual destas formas, ou máis ben, da ausencia deste. A explicación garda relación co grao de desemantización da forma. Se ben é certo que o significado dos marcadores se pode ver afectado polo significado léxico da forma orixinal, canto máis desemantizado estea ese marcador, menor significado conceptual terá. Como consecuencia da súa transformación nun elemento do discurso –marcador do discurso– a nova forma gañará valores pragmáticos que antes lle eran alleos. Así, neste proceso de cambio histórico, o que xorden son novas formas multifuncionais (Tanghe 2016: 32). Considerando de maior interese a adquisición de novos valores pragmáticos que o tipo de palabra resultante, algúns autores prefiren referir o cambio como *pragmaticalización*, mellor do que gramaticalización.

Para entendermos esta diversidade de funcións, contamos con tres modelos que procuran achegar unha explicación á conexión que se establece entre o significados. En primeiro lugar, temos o enfoque *homonímico*, que sostén que cada valor do marcador é un significado no léxico. A seguir, temos o enfoque *monosémico*, segundo o cal, o marcador ten un significado básico do que derivarían diversos sentidos ou valores contextuais; é o contexto o que fai que o marcador alcance novos sentidos a partir do significado básico. Por último, temos o *polisémico*; todos os significados dun marcador están relacionados por semellanzas de familia ou por extensión a partir dun prototipo e son xerados de diferentes xeitos: metáforas, metonimias, xeneralizacións etc. mais non podemos establecer un significado básico. Nós coincidimos coa análise de Tanghe (2016: 32-33), que etiqueta os marcadores do discurso derivados de verbos de movemento como palabras polisémicas e polifuncionais; a primeira etiqueta remite ás interrelacións semánticas entre as formas e a segunda, ás funcións que desempeñan. Isto é, as formas *anda*, *vaite* e *veña* son polifuncionais na medida en que pertencen a dúas categorías gramaticais distintas: o verbo e o marcador. A polisemia consiste nunha rede de significados na que hai un significado máis representativo do que derivan os demais. Non obstante, estableceremos dous tipos de polisemia,

por unha banda, a un nivel superior, a que se establece entre as categorías –verbo e marcador– e nun nivel máis baixo, a que atende os distintos valores de cada clase de palabra. Así pois, existiría un significado central, o do verbo, a partir do cal nacerían outros que desempeña o marcador, que poderían estar tamén relacionados entre si, e que trazarían a rede de significados de cada verbo. Freixeiro Mato (2005: 60-61) tamén recorre a estes termos para definir as formas situadas na periferia das interxeccións, xa que di que se trata de “unidades polifuncionais e multicategoriais”.

O proceso de cambio lingüístico dáse cando unha forma é empregada nun contexto cun novo valor que non lle corresponde, é dicir, que desenvolve unha implicatura conversacional; cando se produce con certa frecuencia, o uso pode acabar por se convencionalizar. O proceso de cambio semántico non supón a desaparición do significado orixinal, senón que a forma vai adquirindo novos significados e ampliando a súa funcionalidade (Tanghe 2016: 85). O proceso de cambio semántico, no caso dos verbos de movemento, vai parello ao proceso de gramaticalización –ou *pragmaticalización*– que definimos previamente. Como acabamos de dicir, as formas que se crean –marcadores do discurso– son implicaturas conversacionais, o que quere dicir que os seus significados han de estar vinculados cos da forma verbal base, xa que senón, o interlocutor dificilmente poderá interpretar a mensaxe e realizar as inferencias necesarias. Heine et al. (1991: 70) denominan a este proceso *context-induced reinterpretation*, xa que a fixación e a interpretación do significado se dan dentro do propio contexto; proceso que vai parello ao de *pragmaticalización*.

Os cambios lingüísticos conectados coa pragmaticalización inclúen un outro elemento de especial relevancia que é a *subxectividade*. Traugott (2010: 29-30) establece un paralelismo entre o proceso de cambio semántico e o que ela chama o proceso de *(inter)subxectivización*. A *subxectividade* comprende a emerxencia da identidade do falante, as súas crenzas e actitudes, na configuración do seu propio discurso. A *intersubxectividade* ten que ver coa emerxencia no discurso da atención prestada polo falante á reputación ou imaxe pública (ing. *face*) do seu interlocutor. Ambas están estreitamente relacionadas dado que o *eu* do falante confórmase en parte a través da conceptualización do outro membro da interacción comunicativa (o *ti* do oínte) e o manexo mutuo de ambas as instancias é necesario para o éxito comunicativo do discurso. Para a autora, estes dous mecanismos consisten, en primeiro lugar, na selección de intencións por parte do falante para codificar as súas actitudes –*subxectividade*– e en segundo lugar, logo de ser

subxectivadas, selecciónanse para codificar os significados centrados no interlocutor – *intersubxectividade*– (Traugott 2010: 35). A subxectividade dáse cando as actitudes do falante arredor dun evento, ou a súa interacción social e distancia respecto do receptor son codificadas, chegando a ter un significado regulado na gramática dunha lingua; dito doutro xeito, cando a valoración que o falante fai da propia mensaxe pasa a formar parte do significado da palabra (Traugott 2010). En relación aos valores que se crean nos marcadores derivados dos verbos de movemento, Tanghe (2016: 91) define a subxectividade como “un proceso que convierte elementos léxicos en elementos que organizan el discurso o el texto, o que indican las actitudes del hablante ante la situación discursiva”.

Company Company (2004) afirma que os cambios derivados da subxectividade supoñen a perda da sintaxe, e é por iso que os marcadores do discurso, como definíamos ao comezo, non forman parte da oración. Así, nomea seis cambios semánticos, sintácticos e morfolóxicos que teñen lugar nesta evolución:

- a. Debilitación ou baleirado do significado da forma orixinal; relacionado coa *pragmaticalización*.
- b. Mudanzas metafóricas e metonímicas de carácter inferencial.
- c. Debilitación do suxeito como axente, o que provoca a perda da sintaxe oracional.
- d. Ampliación do alcance da forma, polo que esta se sitúa nas marxes e opera sobre toda a oración a nivel holístico, non sobre un elemento concreto.
- e. Fixación e autonomía da forma: os marcadores do discurso forman formas fixas e ademais, adoitan constituír predicacións independentes.
- f. Perda de capacidades sintácticas. Algunhas xa foron referidas neste apartado, como a incapacidade de seren negativas ou interrogativas (*non vaites!, *andá?).

Ata este momento, fomos aludindo ao longo do traballo a todas estas alteracións, mais aínda resta unha que conecta coa principal motivación do cambio semántico nos verbos de movemento: a metáfora, sobre a que versará o seguinte punto. Por último, cómpre dicir que o concepto de *gramaticalización* debe ser ampliado e que non debemos entendela unicamente como un cambio na forma senón que é un conglomerado formado polos procesos de lexicalización, gramaticalización –no senso máis tradicional– e pragmaticalización (Castillo Lluh, 2008: 1745).

4.3. AS METÁFORAS DOS VERBOS DE MOVEMENTO

Todos os novos significados que adquiren os marcadores derivados dos verbos de movemento veñen motivados, case sempre, por metáforas. A *metáfora conceptual* foi definida do seguinte xeito:

fenómeno de cognición en el que [...] utilizamos nuestro conocimiento de un campo conceptual, por lo general concreto o cercano a la experiencia física, para estructurar otro campo que suele ser más abstracto. El primeiro se denomina *dominio fuente*, puesto que es el origen de la estructura conceptual que importamos. El segundo se denomina *dominio meta o destino*. (Soriano 2012: 97)

No noso estudo sobre os verbos de movemento, o dominio fonte sería precisamente o movemento en si, que é algo concreto e físico, a partir do cal derivarían os diversos dominios meta que coinciden cos diferentes valores pragmáticos que adoptan as formas derivadas dos verbos de movemento. Xa que os valores pragmáticos de cada forma verbal son moitos e moi variados, as metáforas que se xeran tamén son múltiples. As metáforas non só se aplican a conceptos complexos, senón que as podemos atopar nos máis básicos e habituais que forman parte do noso día a día. Segundo Soriano (2012: 99) as metáforas non son arbitrarias, senón que responden a unha motivación, e esta pode ter a súa orixe tanto na experiencia como nun parecido. Engade, tamén, que a base experimental xustificaría que haxa algunhas metáforas compartidas por varias linguas. Así, podemos ver semellanzas como *veña* (galego) e *come on* (inglés) que empregadas como interxeccións, ambas as dúas poden expresar incredulidade ou ánimo. Non é de estrañar que as metáforas a partir de verbos de movemento sexan algo común nas linguas, dado que é unha das experiencias máis destacables do ser humano (Tanghe 2016: 57). A seguir, iremos analizando unha por unha as metáforas que se dan nos verbos *andar*, *ir* e *vir* no seu uso como marcadores discursivos.

Previamente definimos os verbos *ir* e *vir* como verbos deícticos e sostivemos ademais que tiñan implícito no seu significado o valor de dirección. No seu uso como marcadores discursivos, estes verbos traspasaron a deíxe espacial á deíxe discursiva, creando a idea de que ‘o discurso é unha viaxe’ (Tanghe 2013), isto explicaría o uso das formas *veña* e *vaites* con función metadiscursiva. Esta autora propón catro posibles metáforas, baseándose nos verbos do español,

mais que en moitos casos coinciden coa lingua galega; apoiarémonos nelas para analizar os nosos verbos.

a. *Ir* indica ‘movemento cara ao porvir’ e *vir* ‘movemento ao pasado’. Dentro desta concepción, entrarían as nocións de espazo e tempo que serían traspasadas ao discurso.

(5) Un furto... er... un roubo, **vaites**, que a levaran, non estou ben de leis... A cinta fora subtraída, por qué ou para qué, vaia vostede saber (1997, López López; *Biff, Bang, pow. Novela case negra* [TILG, LEZBIF997, 52])

(6) Astra certo punto unha pensa que toda esta sinfonía non me afecta e logo, **veña**, ¿qué sucede? que estou anémica (1971, Torres; *Adiós, María* [TILG, TRRADI971, 171])

(7) queda da miña man... non se preocupe... vale, si... **veña**, adeus, adeus... ¡uff! [apagando o móbil] (1998, Jaureguizar, *Comendo espaguetis diante da televisión* [CORGA])

Os dous verbos están sendo empregados de modo reformulativo. En (5), o verbo *ir* dirixe a atención do falante ao que se vai dicir, o que conecta coa relación de *ir* e ‘futuro’. O significado de (6) non ten que ver co de (5), mais a metáfora é semellante, ambas as dúas aluden ao espazo e o tempo, mais en usos opostos (futuro vs. pasado). Trátase dun uso expletivo da forma, un retrouso, non transmite ningún valor, simplemente dá tempo ao emisor para organizar o discurso. *Vir* vincúlase co pasado, expresa achegamento á posición do falante –centro deíctico– e ademais indica chegada ao punto de referencia (Tanghe 2013). Esta chegada, fin de traxecto, xustifica que *veña* sexa empregado en moitas situacións para pechar o discurso e incluso como fórmula de despedida, o que acontece en (7).

b. *Ir* é ‘afastamento’. En termos espaciais, *ir* expresaría o distanciamento do centro deíctico, mais a expresión *vaites* tamén é utilizada para amosar separación respecto da idea que se acaba de formular, moitas veces para achegar o propio punto de vista do falante:

(8) Significa que non teña reparos en cantar, preferentemente con velocidade, que veño sendo todo oídos... **Vaites**, iso creo (1997, López López; *Biff, Bang, pow. Novela case negra* [TILG, LEZBIF997, 100])

c. *Ir* é ‘afastamento’; *vir*, ‘achegamento’. Existe certa semellanza coa teoría anterior, mais neste caso non nos estamos a referir ao dominio espacial, senón ao cognitivo. Como dixemos, *vir* expresa achegamento ao centro deíctico, isto é, ao falante. Por iso, metaforicamente implica unha aproximación á opinión do falante, querendo amosar a súa concordancia co dito polo seu interlocutor.

(9) –Metémonos no Niza. –Ou damos unhas voltas por Príncipe. –Non, chove. Tomamos uns... –**Veña** . Eso. (1986, Méndez Ferrín, *Antón e os inocentes* [TILG, MEFANT986, 148])

En (9) vemos que dous amigos dialogan sobre o que van facer, un propón ir tomar algo e o outro, sen deixar que remate as súas palabras, indica rapidamente a súa aceptación por medio deste marcador, *veña*. Porén, os verbos que sinalen afastamento deste centro, indicarán xustamente o contrario, desacordo ante as ideas do interlocutor. Neste caso poñeremos o exemplo de *andar*, (10), que aínda sendo un verbo de modo de movemento e que non conteña o dominio da traxectoria, pode expresar distanciamento respecto do falante, así temos usos de discordancia como o seguinte:

(10) –Ben ouviches o que dixo o señor abade endiantes : «Hoxe os nenos veñen de estar dous xunguidos» . –E que entende il desto, se na vida viu. –Ti é que non ves... ¡**Anda**, bobo! (1972, Barxa Iglesias, *Andadas do Xan cativo* [TILG, BAXAND972, 38])

d. *Afastamento* é ‘desviación’. A partir desta premisa deducimos que aqueles verbos que expresan (ou poden expresar) afastamento do centro deíctico, é dicir, *ir* e *andar*, tamén conseguen transmitir unha reacción ante algo que se aparta do normal. Cando acontece algún feito imprevisto, ou o emisor envía unha mensaxe inesperada, transmitimos a nosa sensación de sorpresa con marcadores derivados destes dous verbos: *vaite*, *vaites*, *anda* e *andá*. Nos exemplos (11) e (12) veremos algunha destas situacións:

(11) –**Vaite**, rapaces... ¡Vaia cambeirada de truitas!–dixonos namais vernos entrar pola porta–. ¡E traen unha enguila e todo! (1995, Poncelas Abella, *O mestre púxose louco* [TILG, PNCMES995, 104])

(12) –Pilara : (a Cañoto) Si marchas..., eu voume contigo...

–Goana: (con mal xenio) ¡**Anda**..., agora con que sai!

(1930, Casado Nieto, *Amor i eleució. Pequeno sainete de costumes* [TILG, CANAMO930, 28])

Estes son algúns dos valores que derivan dos verbos de movemento motivados por unha metáfora. Como dixemos anteriormente, a rede que se crea nace dun significado base do verbo de movemento –*andar, ir e vir*– que tomando como referencia os aspectos que contén (deíxe, por exemplo) crea novas acepcións mediante unha metáfora. Mais estas acepcións poden despois producir outras novas; como veremos máis adiante, existen usos irónicos que poden derivar dos de sorpresa. Aquí, soamente fixemos referencia a catro metáforas que comparten os tres verbos e que tamén se dan noutras linguas, logo concluímos que o movemento é, como afirmabamos inicialmente, un concepto concreto moi recorrente á hora de expresar significados abstractos ligados ao discurso, xa que o movemento espazo-temporal que se dá na realidade, pasa a un dominio máis cognitivo e discursivo.

4.4. O CONTEXTO CRÍTICO

Antes de se consagrar o cambio semántico (unha vez este se puxo en marcha) e de se consumir o proceso de construcionalización das novas interxeccións como formas diferenciadas, existe un estadio intermedio ao que nos referiremos como *contexto crítico* (Diewald 2002: 109). Este termo fai referencia ao estadio no que dá comezo o proceso de gramaticalización. Nesta altura, a estrutura ofrece diversas opcións de interpretación pragmática, entre elas o novo significado que se vai gramaticalizar. O contexto crítico envolve un factor semántico e sintáctico concreto e consiste no enfrontamento de dúas formas que son morfolóxica ou morfosintacticamente confusas e que non se poden desambiguar mutuamente. O destinatario é quen se encarga de interpretar a forma – neste caso verbal –, sen ningunha indicación, botando man unicamente dos procedementos inferenciais e das implicaturas conversacionais. Son precisamente estas implicaturas as que axudan a esclarecer o significado. O seguinte estadio é aquel no que se desenvolven *contextos illados*, é dicir, diferenciados para cada forma. Nestes, só unha das interpretacións é posible, xa que as formas son vistas como independentes a unha da outra (Diewald 2002: 112-114). A continuación, poñeremos varios exemplos de contextos críticos nos que non podemos saber con certeza se se trata aínda da forma verbal (imperativo ou subxuntivo)

ou se estamos xa ante unha interxección; mais o que si podemos confirmar é que se trata dun uso ambiguo e no que a forma camiña cara á gramaticalización dunha nova palabra.

(13) Din algús que canto mal; pois pra min canto bastante; o que me non queira oír, **anda**, burro, para adiante (1881, Saco y Arce, *Literatura popular de Galicia* [TILG, SACLIT881, 55])

(14) **Anda** pra diante! Merexildo, ou demo; non me marees nin agoires tanto (1882, Francisco M^a de la Iglesia González, *A fonte do xuramento* [TILG, IGLFON882, 38])

(15) **Anda**, queridiño, **anda**, **anda**, que por ti xa espero; eu no andar xa te conezo, pois no corazón te levo (1884, Domingo Blanco, *A poesía popular en Galicia* [TILG, BLNPO2884, 340])

(16) **Anda**, Marica , vai ver , –di á criada doña Pepa– si o señor Primo, o forneiro, tén masa, ¡**anda**, vai lixeira! (1886, O Galiciano [TILG, GAL092886, 2])

Nos exemplos (13) e (14) estamos ante dúas formas que son, inequivocamente, verbos, o que se demostra pola presenza de complementos verbais, incompatibles coa condición de interxección: *anda para adiante*. Nestes exemplos estásenos indicando o modo e a dirección do movemento que denota de seu o verbo, e que se reforza mediante eses complementos. Por outra banda, no exemplo (15) está presente tamén a idea de movemento, que se ve claramente co ‘por ti xa espero’ e ‘no andar xa te coñezo’, aludindo ao modo no que se despraza. No último dos exemplos (16) o verbo aparece con outra forma verbal sobre a que recae a carga semántica da acción a realizar (neste caso *vai*), polo que *anda* achega o valor máis expresivo, que se atopa a cabalo entre dar ánimo e indicar o modo de desprazamento. Nestes exemplos –(15) e (16)– coa forma *anda*, vemos que se trata de contextos dubidosos, xa que, por unha parte, pode entenderse que o falante demanda do oínte literalmente que ande pero, por outra, pode entenderse como unha expresión xenérica de ánimo, cun valor exhortativo non vinculado especificamente á acción de andar; deste xeito, estes dous serían exemplos de contexto crítico no cal nacería a forma interxectiva.

(17) ¡Ai, miña xoia, canto te quero! Di: ¿Dásm ' un bico? Rosa moi quedo dixo, entr ' os dentes, –Non , mintireiro ... tódo- los homes sóde-lo mesmo. **Vaite**, Xan, **vaite**, non fales deso (1878, Losada Astray, *Poesías* [TILG, LOSPOE878, 175])

(18) –¿Qué qués?, rapaz; ¿a qué vés co tamboril, e co pito? –Hui ¡que roña! ¿a qué hei de vir? Si non a traerlle isto? –E que é iso, a ver, a ver ¿Quen cho dou? –Un señorito –Pois **vaite**. (1888, Posada, *Poesías selectas* [TILG, PDAPOE888, 55])

Como podemos observar nos exemplos (17) e (18), *vaite* aparece en situacións de ambigüidade nas que a súa interpretación pode ser válida tanto se o consideramos un imperativo, como unha interxección. En (17) pode que xa non esteamos ante unha orde directa que indique que a outra persoa, Xan, marche, senón que é produto do desacordo, enfado ou desconformidade da muller, de maneira que o que pretende é que Xan retire as súas palabras. Algo semellante acontece no exemplo (18), o falante responde desconforme ante a información de que o seu interlocutor foi enviado por un señorito. Podemos facer unha dobre lectura da súa resposta, *vaite* pode ser unha orde de que desapareza da súa vista, xa que non quere recibir a este persoa, mais tamén pode ser unha exclamación de sorpresa ou indignación ante un determinado feito, sen vinculación xa cunha demanda real de que o oínte abandone o lugar da conversa. Este valor nace en contextos de enfado, ou ira, que propician enunciados exhortativos, exclamativos e expresións breves, como vemos nestes dous exemplos.

(19) [nunha procesión] só quedou a Virxe , os que a levaban e o Luís co estandarte, quedaron cinco, e logo **veña** refrescos, para todos houbo menos para o Luís (1996, Emilio Araújo, *Tempos serodios* [TILG, ARATEM996, 11])

(20) hai moitas cousas que se acaban para sempre, hai moitas cousas , camiños e moitas cousas que se acaban para sempre, en total, **veña** afán e **veña** qué sei eu, e **veñan** fantasías e **veñan** moitas traizóns e trampas e mentiras (1996, Emilio Araújo, *Tempos serodios* [TILG, ARATEM996, 189])

(21) E **veña** viño, larpeiradas, foguetes e gaita. No palleiro durmíanse as cogorzas pra escomenzar de novo a beber e comer (1998, Manuel Roel Longueira, *Contos e poemas dun autor ignorado* [TILG, ROECON998, 108])

Por último, vemos o contexto crítico no que florecen algúns dos usos da futura interxección *veña*. Os tres exemplos semellan reflectir a mesma situación, mais non é así. Como veremos máis adiante no traballo, un dos valores pragmáticos desta interxección é o de ‘animar’ e reproducirá estruturas practicamente idénticas a estas que temos aquí. Como forma do verbo subxuntivo, *veña* indica a petición dun emisor dun certo elemento, así, no exemplo (21) podemos interpretar que alguén está a pedir viño. Deste modo, entre o elemento que se sitúa a continuación do verbo e este mesmo, existe concordancia, o que se demostra no exemplo (20): *veña afán* e *veñan fantasías*. Con todo, a forma comeza a desligarse desta concordancia, sen abandonar o carácter de demanda e comezando a esbozar certa intención de ánimo, como derradeiro exemplo (21), no que o verbo concorda co primeiro dos elementos, mais xa non cos seguintes, dando a entender que a forma está a desligarse da estrutura oracional. Polo tanto, a fronteira entre o uso verbal e o uso crítico vén dado pola concordancia coa frase nominal; cando deixa de haber concordancia, ábrese un contexto crítico. Nun primeiro momento, a forma *veña* transmite o desexo dun emisor de posuír algo ou de que algo se aproxime ao seu punto de referencia (como vimos nas metáforas); despois, este significado esvaécese ata quedar un sentimento de ánimo, como no exemplo (19). Ás veces, este ánimo evolucionará mais xa non co desexo de que algo se aproxime, senón de que algo ou alguén realice unha acción, valor que analizaremos no seguinte punto.

5. ANÁLISE DOS VALORES PRAGMÁTICOS ACTUAIS DAS FORMAS

Como viñemos vendo ao longo de todo o traballo, o debate arredor dos marcadores do discurso e das interxeccións é intenso. Con todo, existen diversas clasificacións que intentan poñer orde e simplificar a interpretación dos valores destas formas. Porén, o obxectivo do noso estudo non é etiquetar estas voces segundo a súa función puramente gramatical no discurso, senón que o que nos interesa é ver que valor semántico engaden e de que maneira axudan a enriquecer as achegas que os falantes fan á conversa. Así, preferimos enfocarnos na nosa análise dende as distintas funcións da linguaxe que propuña Jakobson (1984). Cómpre dicir que esta clasificación non é pechada e que como veremos, moitos dos valores son solapados, podendo un mesmo marcador realizar máis dunha función a un tempo. Alén disto, é posible establecer matices dentro de cada un dos valores, mais a listaxe sería desmesurada e a nosa intención é distinguir aqueles significados máis representativos.

Nalgunhas ocasións será pertinente atender ás distintas estruturas sintácticas que ofrecen estes marcadores segundo os seus usos, funcionando nuns usos de maneira illada, noutros con complementos, mesmo dando lugar a expresións xa fixadas na lingua. Consideramos de interese para o traballo incorporar a teoría da *(inter)subxectividade* (Traugott 2010), que intentaremos poñer en paralelo coa nosa relación de valores pragmáticos, concretando en que medida cada valor está suxeito ou non ás actitudes do falante e ás do interlocutor.

5.1. FUNCIÓN EXPRESIVA

A primeira das funcións que analizarei será a expresiva, xa que como vimos anteriormente, é a predominante nas interxeccións. Son moitos os valores pragmáticos que adquiren os marcadores derivados de verbos de movemento cando pretenden transmitir as emocións ou actitudes do emisor, por iso, a multiplicidade dos significados será máis complexa na función expresiva que nas outras. Cómpre salientar que é precisamente polo seu carácter de transmisor de sentimentos e actitudes do emisor que case todos os valores pragmáticos que cumpren a función expresiva teñen natureza subxectiva; veremos máis adiante cal deles non o ten. Examinando o noso corpus, decidimos clasificar todos os usos das formas *anda*, *vaite* e *veña* con función expresiva no seguinte repertorio:

i. Valor pragmático de sorpresa

É o valor máis representativo das interxeccións, xa que ante o inesperado, respondemos con fórmulas breves, exclamativas e expresivas. As interxeccións e marcadores do discurso derivados de verbos de movemento poden expresar o sentimento de sorpresa ou asombro ante unha situación extralingüística. Así, veremos que todas as formas deste estudo están presentes na manifestación deste sentimento.

(22) Dixo: –Pois mira, tou pendiente desto; quero unha muller que teña dous conos e non al encontro. E dixo ela: –**Anda** coño, si che gustara eu, téñoos eu. (1999, López Valledor, *Literatura de tradición oral nos Coutos* [TILG-LPVLIT999, 61])

(23) Pouco máis tarde viron vir un home cun focín enorme. "**Vaite** –pensou o probe–, eí vén o meu ubreiro" (2004, Poncelas Abella, *Contos e lendas do Bierzo* [TILG, PNCCON004, 149])

(24) ¡Esto si que é gobernar! o demais non vale nada; i así son tóda-las cousas que pasan na nosa España. ¡**Vaite!** ¡como si outra nunca houberan visto! (1886, *O Galiciano* [TILG, GAL071886, 3])

(25) Recollendo a sotana entre as pernas apareceu a correr o cura. –**Vaites**, son vostedes (1982, Vázquez, *A chazca* [TILG, VQZCHA982, 30])

Para este valor expresivo de ‘sorpresa’ é frecuente tamén a forma con desprazamento do acento, *andá*, como en (26).

(26) CABALEIRO CUSPIDRIÑAL: A ver, ¿onde está o meu traxe de romeiro?
ACOUTACIÓN: (Nun aparte). FLORISEL: ¡**Andá**, o traxe! Agora si que a fixen. (1995, González, *A vía fantástica* [CORGA])

A manifestación de sorpresa, nalgunhas ocasións, amosa un ton de enfado ante as palabras do interlocutor debido á incredulidade ou asombro provocado polo contido da súa mensaxe:

(27) Tolo –¿Ti quereste casar connigo? Moza –¡**Anda!** ¿Eso é o que tiñas que me dicir tan serio? (1918, Carré Alvarellos, *Tolerías* [TILG-CRETOL918, 13])

Retomando a propia definición de marcador do discurso, insistiamos na idea de que o seu principal obxectivo era guiar as inferencias do discurso. A ironía é un recurso lingüístico que transgride a *máxima de calidade*⁶ (Grice 1975) e de aí que afecte á interpretación do enunciado. Os marcadores do discurso axudan á interpretación da ironía e outras veces contribúen ao efecto irónico (Ruiz 2010). Nos seguintes contextos veremos como os marcadores *vaite* e *vaites* –de maneira simple e reduplicada– se moven na interpretación entre a sorpresa e a ironía, derivando este segundo valor do primeiro e amosando unha falsa estrañeza ante o dito polo interlocutor.

(28) –«E si ando co'il, chega un intre en que nos temos que bater, é decir , en que teño que mallar nil, veña ou non a conto... Pro sin il non me adivirto, veleí tes o caso...» – «¡**Vaites**, hom!», dixen rindo. «Logo, daquela, tente domiñado» (1959, Blanco Amor, *A esmorga* [TILG, BLAESM959, 26])

(29) E cando iba polo camiño , houbo quen ll ' oueu decir falando co paraguas, coma se o paraguas o entendera: –¡**Vaite, vaite**, que non se te podía mollar! ¡Quen o soupera! ¡Pero deixa, que agora, xa non te quitarei da casa senón cando non chova! (1931, García Barros, *Contiños da terra* [TILG, GARCON931, 167])

(30) [falando da situación dos galos] A min doime a ialma cavilando sobre da vosa asoballada e humilde condición, dina de mellor sorte... –¡**Vaites, vaites!** –dixo estonces bulronamente un galo vello, que non se movera do poleiro (1909, Lugrís Freire, *Contos* [TILG, LUGCON909, 27])

(31) D. CAMILO –Dime Carmela ¿Teu padriño falouche algunha vez de casarte? CARMELA. –Nunca, hastra hoxe que me falou do herdeiro do Peto, que di que vén esta tarde a pretenderme. D. CAMILO. –¡**Vaites, vaites!** Agora caigo na conta (1915, Rodríguez López, *O chufón* [TILG, RDRCHU915, 26])

Unha outra estrutura sintáctica que se repite con frecuencia e que comparte este mesmo significado é *VAITES* + [CON(pre) + FN]. No exemplos (32) a construción transmite o valor de sorpresa, mentres que en (33), xa cun uso dobre, observamos como a muller pretende facerse a sorprendida ante as accións do boticario, mais cun lixeiro ton irónico.

⁶Grice (1975) establece catro máximas conversacionais necesarias para o cumprimento do Principio de Cooperación: máxima de cantidade, de calidade, de relación e de modo. Conforme a máxima de calidade, as nosas contribucións no discurso han de ser verdadeiras.

(32) PILARA. –De maneira qu'unque mañá, poño por caso, souperase quén disparou o tiro, mal non pasaríalle, porque era conto acabado. D. FILIPE. –Eso mesmo, nena. PILARA. –¿E quén siría fianza dese compromiso? D. FILIPE. –(Contr 'o seu cheleque). ¡**Vaites ca rapaza!** É tan lista como fermosa (1920, Comellas Coímbra, *Pilara ou a grandeza d'os humildes* [TILG, COMPIL920, 51])

(33) LELA. ¡**Vaites, vaites con Don Saturio**, que quer chegar polo atallo...! ¿I entón, vostede xa non atopa maneira de namorar polas boas...? O BOTICARIO. Os peixes e as mulleres collense con artimañas... ¡E como eu xa vou indo algo vello...! (1953, Castelao, *Os vellos non deben de namorarse* [TILG, CASVEL953, 14])

ii. Valor pragmático de incredulidade ou refutación

Enfiando co ton do exemplo (27), distinguimos unha nova actitude ante o dito polo interlocutor no marcador *veña*. Se volvemos a vista atrás, veremos que *veña* non aparece no corpus como manifestación de sorpresa, pola contra, de escepticismo ou desconfianza. En ocasións, *veña* aparece reforzada con outras interxeccións como en (35) e (36), onde *home* engade un ton familiar e reforza a imaxe positiva do falante, evitando unha posible situación incómoda (Freixeiro Mato 2016: 107). En (34) combínase coa partícula *xa* para expresar este valor de incredulidade, mais pode ser que esteamos ante un calco do español, xa que esta estrutura é moi frecuente en locucións como *anda ya* e *venga ya* (Castillo Lluch, 2008; Tanghe 2016: 126).

(34) –e armei elí a marimorena ca intención de montar elí unha bronca ben montada de pai e moi señor meu; –¡**veña xa!** (1977, Catoira, *A cadea e a outra banda do silencio* [TILG, CTOCAD977, 10])

(35) –A ver se un día te vemos convertido nun heroe dun exército democrático alá na túa terra, onde non haxa xerarquía e os postos directivos, por non dicí-los mandos, sexan promovidos por votación ou aclamación popular. ¡**Veña** home, a ver se es ti o que acáda-la redención para a túa terra! (1986, Laxe Freire, *Loita e morte* [TILG, LAXLOI986, 140])

(36) O raro foi que non vos partise a cara porque a min estánme entrando ganas de metervos un par de hostias por maricóns. **Veña**, home, ide á merda. Xa non sei nin para que abrín a boca (1993, de Toro, *Tic-Tac* [TILG, TROTIC993, 224])

Neste último exemplo, (36), ademais do desacordo, entra en xogo no contexto unha nova variable, que é a de enfado, desagrado, o que nos leva a sinalar este uso como antesala dun outro que analizaremos a seguir: o de queixa, fastío. Polo que se refire ao formato, pode aparecer tanto unha vez –véxase o exemplo anterior– como duplicado. Nestas situacións de descontento é frecuente que apareza o marcador conxuntado con outras interxeccións; en concreto, con xuramentos:

(37) –¡Carallo, pois matar matouna!; ou sexa que... tampouco a cousa está tan clara. E xa din que o falar non ten cancelas e a xente comenta o primeiro que lle vén a cabeza, pero nunca se sabe... Penso eu, vaia. E un morto é un morto. –**¡Veña, carallo, veña!** O que pasa é que amais dun langrán e un cabrón o Chucho é un aluado (1994, Borrazás, *Criminal* [TILG, BRRCRI994, 56])

iii. Valor pragmático de queixa, fastío

Así como afirmabamos que o valor irónico derivaba do de sorpresa, agora veremos como o de queixa e fastío, provén do de incredulidade. É por isto que o único marcador que veremos con este significado é *veña*. Do mesmo xeito, parécenos de especial relevancia atender ás estruturas sintácticas que se empregan para manifestar este valor. Como dixemos noutro momento, pode darse o caso de que o marcador non apareza como enunciado independente, porén, é habitual que se creen estruturas fixas asociadas a un significado. Nestas circunstancias, o que se quere transmitir é o desagrado ante unha situación que se repite no tempo, polo que a estrutura gramatical tentará trasladar a sensación de duración, repetición. A primeira construción que veremos será *VEÑA* + [A(pre) + INFINITIVO]. É posible que a estrutura apareza precedida pola conxunción *e*, que contribúe a enfatizar o valor de reiteración.

(38) Eu ben quería retorcer a man para que non seguira disparando, pero ela, grandísima cochina, ¡**veña a revirarse** cara a min, para matarme tamén! (1996, Fernández Pérez, *Don Gabino* [TILG, FPEDON996, 27])

(39) E se o salario foi a máis, o traballo fixose máis duro e longo : nos casetes, rente ao chan de terra; no peirao, a chover, con sacos de abrigo por enriba e por embaixo; na cuberta dos barcos; na praia, batendo o sol. Tiñamos que enterrar os pés na area pola

calor. **E veña a reparar** as redes. (1996, Vázquez Pintor, *Os vellos oficios* [TILG, VZZVEL996, 12])

Do mesmo xeito, atopamos outro agrupamento que representa a mesma noción, no entanto, non é tan frecuente como a anterior; este é *VEÑA* + [DE(pre) + INF]

(40) –¡Quén me dera un chirimoliño así! –decía. E seu tío **veña de contestarlle** sempre coa mesma lería: –Cando medres, cando chegues a home, terás un eito de cousas (1971, Neira Vilas, *O cabaliño de buxo* [TILG, NEICAB971, 33])

(41) D'alí a pouco chegou o pai e colleunos no colo. Un en cada brazo. Foi co'eles pola horta adiante. Apañaban ameixas e dabanlle palique ós melros. **E veña de rir**. (1971, Neira Vilas, *O cabaliño de buxo* [TILG, NEICAB971, 60])

En (41) pérdese o valor de protesta en beneficio do reiterativo o que tamén acontece en (42), neste caso coa estrutura *VEÑA* + INFINITIVO:

(42) aquilo foi a risa máis grande do mundo, os mozos **veña meter** mozas nos feixes, ían entre a palla coma un deus, mais estaba aquela Palmira que era un boi (1996, Araújo, *Tempos serodios* [TILG, ARATEM996, 142])

Hai que ter en conta que estamos ante unha forma derivada dun verbo de movemento, polo que non resulta estraño que os falantes fagamos uso desta expresión para incidirmos na idea de que se trata dun acto que é reincidente no tempo. Este valor vese reforzado por outras fórmulas como a repetición da palabra – mesmo máis dunha vez, como en (43)– e a conxunción *e*, que axuda a manter o ritmo, enfatiza o valor durativo e dá pé a que se repita máis unha vez a mesma fórmula.

(43) Vaise el e atouse co dichoso do cinto aquel e foi e visteuse a súa alba e tal, pero antes deso meteuse por cuantos sitios había zorollos para levá-los. **E veña, e veña, e veña**, e cando taba misando pois, claro, chegoulle a hora de consagrar e alzar, como sabes que se fai, e dixo; taba levantando a patena e inmediatamente danlle en caé-los zorollos por si abaixo, todo correndo por debaixo dos pés abaixo (2004, Carnero Vázquez, *Da fala dos brañegos* [TILG, CRNFAL004, 165])

(44) ós rapaces así novos gustanlles os mecheros e gustanlles esas cousas, e sempre lle andaba dicindo ó cura: –Señor cura, tiña que dar-me o mechero. E dixo o cura: –No, que va, o mechero é algo que non che poido dar porque mo regalaron e non cho dou. Iballe axudar á misa tódo-los días e **veña** co mechero, e **veña** co mechero e tal (2004, Carnero Vázquez, *Da fala dos brañegos* [TILG, CRNFAL004, 221])

iv. Valor pragmático de acordo, aceptación

Para rematar coa función expresiva, examinaremos un outro valor que ten o marcador *veña*. Este uso amosa a conformidade co que di o interlocutor e, polo tanto, podemos dicir que involucra aos dous participantes aínda que o seu obxectivo consista na manifestación dos sentimentos do emisor. Téñense analizado moitos outros marcadores con esta mesma finalidade e adoitan coñecerse como *marcadores conversacionais* (Zorraquino e Portolés 1999; Freixeiro Mato 2016) entre os que situaríamos outros como *claro* ou *vale*. Concretamente, *veña* entraría na categoría dos *marcadores de modalidade deóntica*, que indican se o falante acepta, admite, consente –ou non– o dito polo interlocutor. Este uso xa o vimos no exemplo (9) ao nos referir á metáfora ‘*vir* é achegamento’ –nun dominio cognitivo– xa que a ‘aceptación’ nace do achegamento ás ideas do interlocutor. Outro exemplo no que podemos advertir a mesma intención é o seguinte:

(45) No centro do círculo puñase a Carme, preguntando en voz alta: –¿Vai?. A Xoana, que era do grupo contrario, respondía: –¡**Veña!** (1979, Romaní, *Xogos infantiles de Galicia* [TILG, ROMXOG979, 8])

O valor de aceptación expresa, por un lado, a concordancia do emisor cun enunciado previo do seu interlocutor, polo que tamén envolve o dito por este. No exemplo (45), a resposta de Xoana implica dúas afirmacións: unha delas é a súa resposta ante a pregunta do interlocutor, na que confirma que si quere que lle pasen a pelota, aludindo á función expresiva e expresando a súa actitude fronte á pregunta. Por outro lado, ese *veña* tamén demanda unha reacción por parte do interlocutor –que lle pasen a pelota– o que nos fai deducir que estamos ante un proceso de intersubxectivización, que contempla as actitudes do interlocutor.

5.2. FUNCIÓN APELATIVA

Como vimos, o valor de movemento presente nas formas verbais iniciais vai desaparecer logo do proceso de gramaticalización, mais a forza ilocutiva do imperativo non se perdeu. Dentro dos

usos rexistrados nos que o emisor focaliza a intención da mensaxe no seu destinatario e pretende provocar algunha reacción nel, diferenciamos dous: animar a realizar unha acción e crear empatía co interlocutor.

i. Animar ao destinatario a realizar unha acción.

Este valor está estreitamente ligado ao carácter imperativo das formas verbais das que derivan os marcadores. Os imperativos expresan mandato de maneira explícita e, polo tanto, presentan un alto risco de ameaza da imaxe pública do oínte, polo que resultan a primeira vista antagónicos ao proceso de subxectivización, de aí que os consideremos non-subxectivos. Con todo, o valor pragmático de animar a facer algo acaba por prevalecer e fai esvaer o valor representativo de mandato. Por iso estas interxeccións expresan un maior grao de subxectividade que os correspondentes imperativos, aínda non sendo formas plenamente subxectivas. Esa subxectividade pode ampliarse dando pé a outros valores pragmáticos subxectivos ou intersubxectivos, que como demostran estes exemplos, comparte unha mesma forma.

Unicamente dúas das nosas unidades, *anda* e *veña*, responden a este uso, tanto na súa forma simple como reduplicada. Nos seguintes exemplos vemos como o emisor insta ao seu interlocutor a que execute unha acción, de maneira exclamativa, dando pulo. Moitas veces os marcadores poden ir seguidos de formas verbais en imperativo, funcionando como reforzos expresivos que animan a cometer esas ordes.

(46) ¡**Anda!** Contame, ruliña, a razón da túa disgracia. (1919, Prado, *Marzadas* [TILG, PRAMAR919, 4])

(47) antonte cando acabámo-la cea dixenlle eu, «¡**Veña**, vamos á cama que mañá hai que erguerse cedo!» (1986, Laxe Freira, *Loita e morte* [TILG, LAXLOI986, 43])

(48) decíanos enrabechado: «¡**Veña!** ¡Espabila e a traballar!» (1974, Graña, *Fins do mundo* [TILG, GRñFIN974, 54])

(49) –Vés con nós, bolitiña? ¡**anda!**, que temos filloas e molete! (1925, *Nós* [TILG, NOS020925, 10])

(50) O teu pai barallou: «**Anda**, ho deixate de lerias. Cala e sacha» (1983, Martínez Oca, *Os chapurros* [TILG, MRTCHP983, 170])

En certos casos, *anda* emprégase non para animar a facer algo directamente, senón para dar alento, como vemos no exemplo (49), neste caso non vai seguido dun imperativo nin explicita a acción que pretendemos que se leve a cabo. Porén, percibimos certo matiz de súplica. Noutros contextos, *anda* expresa o desacordo co que está a dicir o interlocutor, de maneira que manifesta a súa intención de querer que o interlocutor remate co que está a dicir ou facer e se dispoña a realizar unha nova actividade de maior agrado para o emisor, como acontece en (50); a interpretación aproxímase a unha expresión de refutación e moitas veces aparece en combinación cun imperativo negativo –exemplo (51)–. Este mesmo valor é moi común coa forma reduplicada, e está conectado co valor expresivo visto anteriormente no que o emisor amosaba a súa incredulidade ante as palabras do interlocutor, como acontece no seguinte exemplo:

(51) –Levarme a unha porqueira, escoller você unha marrá e fodernos simultaneamente ás dúas: a min e a marranciña. Gustaríalle? –A min? Pero ti...! **Anda, anda**, non tolees (2005, Rei Ballesteros, *Non sei cando nos veremos* [TILG, RBLNON005, 151])

Tamén reduplicada aparece *veña*, cos mesmos valores que a forma reducida, como vimos en (47) e (48).

(52) VENDIMADORES. –Ala, mociñas. Que van pensar que esmorecedes, demontres. **Veña, veña**. Ide peneirando as saias (1955, Gayoso Frías, *Os fidalgos de Rante* [TILG, GAYFID955, 88])

(53) ¡**Veña, veña**, erguete e dáme co martelo na cabeza! (1984, Barxa Iglesias, *Os cabalos da troula* [TILG, BAXCAB984, 91])

ii. Valor empático

Unha das metáforas que examinamos anteriormente é a que relaciona a carga deíctica de *vir* coa opinión do falante, de maneira que mediante o marcador *veña* podemos expresar o noso consenso ou busca de complicidade co interlocutor. É por isto que *veña* admite esta interpretación e non outros marcadores. Noutros estudos da lingua española tense analizado este valor en marcadores como *vamos* (Castillo Lluch 2008).

(54) O Paco surreu, nos dentes lobunos un centileo cobizoso. –**Veña**, muller, ¿qué pensas que vou querer? A vista desa vella aí, cas pernas ó aire, estáme levantando o ánimo (1983, Martínez Oca, *Beiramar* [TILG, MRTBEI983, 189])

(55) –**Veña**, muller, deixate de prixeladas e vente para dentro. Xa haberá tempo despois para pensarmos qué facer con eso. (1983, Martínez Oca, *Beiramar* [TILG, MRTBEI983, 189])

(56) –Ti toleaches, ¿pensas que...? –Claro, claro, perdoa, ¿como ías querer ter fillos comigo? –**Veña**, Xan, non vaias pensar que... (1991, Borrazás, *Cabeza de chorlito* [TILG, BRR CAB991, 81])

Observamos que o que se procura nestes contextos é a empatía cos sentimentos do outro e o acordo, evitando desconformidades e conflitos. Este uso tamén é frecuente na súa variante reduplicada:

(57) Paulo: (Alporizado) ¡Que me arranxe mesa, digo! Martiño: Que entra esfregando os ollos) Bo día, señores... e que aproveite. Miluco: (Pacificador) **Veña, veña**, deixate estar e faille sitio a estoutro viaxeiro (1994, Pazó, *Raiñas de pedra* [TILG, PAZRAÍ994])

(58) –**Veña, veña**, que a cousa non é pra tanto– quixen eu mediar na discusión (1995, Poncelas Abella, *O mestre púxose louco* [TILG, PNCMES995, 36])

Se reparamos na definición do valor empático que acabamos de dar, observamos que se trata dun claro caso de intersubxectivización. O falante ten en conta as actitudes do seu interlocutor e actúa consecuentemente para non damnificar o prestixio deste. Os exemplos do (54) a (58) amosan como o falante, logo de advertir unha actitude de enfado por parte do seu interlocutor, procura o concilio e o acougo deste mediante as expresións *veña* e *veña, veña*. Unha hipótese que podemos facer acerca do desenvolvemento desta forma é que o carácter representativo e directivo da forma orixinal –*veña* (verbo)– se dispase logo do proceso de gramaticalización, gañando un carácter máis subxectivo. A partir de aí, nacería a forma interxectiva co valor que vimos previamente de animar a facer algo. Esta forma evolucionaría, implicando en maior grao as actitudes dos participantes ata conseguir o carácter intersubxectivo que vimos de analizar neste punto.

5.3. FUNCIÓN METADISCURSIVA

Os valores analizados ata o de agora respondían á intención dos participantes, centrándose ben nas emocións do emisor, ben no chamamento ao interlocutor. A terceira e derradeira función da que falaremos será a metadiscursiva, que pon o foco no discurso mesmo, de aí que o seu valor sexa non-subxectivo en todas as categorías pragmáticas que analizaremos a continuación. É probable que esta función sexa a máis representativa dos marcadores discursivos, dado que é a que teñen en consideración todos os autores e autoras citados ao longo deste traballo.

No estudo das metáforas derivadas de verbos de movemento descartamos *andar* dos usos metadiscursivos xa que para cumprir este cometido, o verbo precisa dunha referencia deíctica. Así, as formas que reflectan a metáfora ‘o discurso é unha viaxe’ (Tanghe 2016: 78) serán *vaites* e *veña*. Tamén nos referimos previamente ao feito de que neste tipo de intención comunicativa non son frecuentes as formas reduplicadas, xa que non é necesario por énfase neste aspecto. A continuación, discutiremos os diferentes valores conectados coa regulación da conversa. Nós reducímolos a tres dimensións: o peche discursivo, a reformulación e o retrouso. Algúns destes valores coinciden con outras macrocategorías dos marcadores do discurso que fan autores como Freixeiro Mato (2016), que os divide en estruturadores da información, conectores, reformuladores, operadores discursivos e marcadores de control de contacto.

i. Valor de peche discursivo

En primeiro lugar, veremos o valor de peche discursivo, xa enunciado no punto atinente ás metáforas e que atribuímos unicamente á forma *veña*. Como dixemos, *vir* indica a aproximación ao centro deíctico e polo tanto, fin de traxecto. É por iso que de maneira frecuente esta forma sexa empregada para introducir a conclusión e anticipar ao interlocutor á fin da conversa.

(59) CEFERINO: De acordo, ¿imos discutir agora por iso? (Volven falar, primeiro con calma e cada vez apurando máis a contestarse). AURELIO: Pois **veña**, recapitulando. Ti estás facendo café. (1993, Vila e Cid Cabido, *Copenhagen* [TILG, VLACOP993, 58])

(60) **Veña**. Xa está todo. En marcha, baixando. (1993, de Toro, *Tic-Tac* [TILG, TROTIC993, 297])

(61) –Non rabeedes, heivos ter eu un dono buscado, que teño moitos coñecidos, deses que me teñen pedido que lles mate os ratos; e ben sei que vos queren de cans. –Pois **veña**.

Xa está. (1995, Graña Muíño, *Cerdido: lingua e outras realidades* [TILG, GRACER995, 11])

(62) –¡**Veña!** ¡Abonda de tanto falar! –anunciou Tinsó desde a porta– Afiade a ferramenta e todos para a mesa, que xa teño a comeduría lista (2005, Barros, *Os ausentes de Casteltón* [TILG, BRR AUS005, 246])

Asiduamente, *veña* funciona como fórmula de despedida, mesmo combinado con outras expresións con esta mesma función, como en (7), onde aparece xunto a *adeus*; en (63) con *ata logo*; e en (64) con *deicaloguiño* e *abur*.

(63) **Veña**, marchó, xa llo contas ti a papá, ¿vale?; *ata logo* –e saíu pola porta precipitadamente (2008, Yáñez, *...distancias...* [CORGA])

(64) En fin, **veña**, que grazas a vós, ¿vale?, e nada, *deicaloguiño*, **veña**, *abur* (2005, Feijoo Barreiro, *¡Viva o fu remol! Ópera en cinco actos sobre a música ó pé da rúa* [CORGA])

Hai que salientar que o uso de *veña* co valor de peche do discurso é mesturado en numerosas ocasións co valor expresivo de aceptación –revisar os exemplos (9) e (45)–. Cómpre destacar que moitos destes usos son reprobados por algúns autores por seren considerados castelanismos. Sánchez Rei (2008) insta a evitar *veña* como fórmula de despedida e peche do discurso e propón outras solucións: *até logo*, *até despois*, *adeus*, *até máis ver*, *que vaia ben*. Tampouco recomenda o emprego desta forma para expresar o acordo, preferindo *con certeza*, *de acordo* e *claro*.

ii. Valor reformulativo

Este valor está relacionado coa intención do falante de facer unha mellor formulación do seu enunciado, de maneira que facilita a comprensión do interlocutor. Nuns casos o falante colabora para aclarar a intervención previa e noutros, autocorríxese ao detectar algún erro no enunciado – exemplo (8)–. Hai autores que distinguen estes dous valores, referíndose ao primeiro como *explicativo* e ao segundo como *rectificativo* (cf. Freixeiro Mato, 2016). Tendo en conta que o marcador sinala a importancia do que se vai dicir, a única voz que analizaremos neste traballo será *vaites*. Esta forma do verbo *ir* mantén a base semántica deíctica de proxección cara ao

futuro, polo que é idónea para ser empregada con este significado. Recuperando o exemplo (5), no que *vaites* pretende funcionar como esclarecedor, observamos como o falante vacila nas súas palabras e non atopa o vocábulo concreto que necesita; *vaites* guía ao interlocutor e sitúao no discurso, indicando que o que se vai dicir a continuación é o termo desexado e poñendo nel o foco.

En (65) e (66) o falante engade nova información para esclarecer o que nun primeiro momento percibiu como insuficiente coa fin de que o seu interlocutor comprenda a idea que intenta transmitirle.

(65) Era da aldea, da aldea-aldea. **Vaites**, que ninguén lle gañaba en ser da aldea (2010, Mora, *Prosas inmaculadas* [CORGA])

(66) Estaba de bo humor. A Rankestrasse devolveralle o bo humor. Non sabe se o notaron na recepción, porque estes alemáns... **vaites**, que non, que non é nada doado descifrarllelo rostro (2001, López López, *O caderno* [TILG, LEZCAD001, 39])

O valor reformulativo é a mostra explícita no acto de fala do Principio de Cooperación. Son os propios falantes os que perciben que a súa mensaxe pode non ser interpretada de maneira correcta e buscan novas estratexias de emendar os posibles erros.

iii. Retrouso

De acordo co DRAG, o retrouso é unha “ palabra ou expresión que se repite a miúdo ao falar, por un hábito vicioso”. O valor que vai poñer peche a esta análise é precisamente, o do retrouso, unha estratexia comunicativa que temos os falantes para conseguir tempo á hora de organizar as ideas que queremos comunicar. Este uso expletivo (Tanghe 2013:7-8) axuda á planificación discursiva, non achega ningún significado novo, máis contribúe a que o falante faga unha intervención correcta, xa que gaña tempo para procurar a expresión máis axeitada para esa situación, o que enfa co valor reformulativo que acabamos de ver.

(67) Os méritos dos sabios están asulagados, logo morren os probes, os que o son de verdá e **veña**, ala, botafumeiro por todo o alto para dar fe do home que perdimos, señor, qué lle importa ao sabio dende embaixo si xa está dando malvas (1971, Torres, *Adiós María* [TILG, TRRADI971, 104])

(68) Unha promete, unha cisma, para qué, **veña**, para qué tanto ensaio, xa vedes, as boas intencións é igual que poñer portas aos campos (1971, Torres, *Adiós, María* [TILG, TRRADI971, 142])

(69) Non te desculpes, xa o calei. ¿**Veña**, qué máis querías dicirme? –dirixiuse a min o mangallón. (1998, Miranda, *Morning Star* [TILG, MIDMOR998, 225])

(70) Pois é que eu pensaba que vostede... **vaites** que vostede estaba... (2001, López López, *O caderno* [CORGA])

Os límites dos valores semánticos dos marcadores son difusos e este exercicio non consiste en situalos en caixóns pechados. Así, o uso de *veña* en (67) recorda a outros exemplos que viamos nos contextos críticos como en (19), (20) e (21), onde *veña* pode ter certa carga de ánimo. O mesmo acontece co exemplo (69) e o valor apelativo de instar a alguén a que realice unha acción, alentando ao interlocutor a que diga algo. O último, (70), claramente amosa a intención de reformular o dito anteriormente e expresalo dalgún outro xeito máis comunicativo. Con todo, estes marcadores propios da linguaxe coloquial poderían ser suprimidos sen mudar o valor representativo do enunciado; aínda perdendo o matiz pragmático na conversa (Tanghe 2013: 8).

Todos estes valores están recollidos nun cadro-resumo que se pode consultar no *Anexo*.

6. CONCLUSIONES

As interxeccións e marcadores discursivos non foron obxecto de interese prioritario para os lingüistas ata os anos 70, cando comezan a levarse a cabo estudos sobre a análise do discurso. Cómpre lembrar que tamén estaba sobre a mesa o debate acerca de se as interxeccións son unha clase de palabra ou se, pola contra, son simples producións naturais. Ademais das interxeccións, hai outros elementos que se atopan categorizados baixo o termo de marcador do discurso. Con todo, sendo este último empregado para denominar un grupo heteroxéneo de unidades que comparten unha serie de funcións no discurso, o termo interxección refire a unha clase de palabra. Así, estas dúas definicións son complementarias, polo que consideramos as interxeccións un hipónimo da categoría de marcador do discurso. Porén, hai autores e autoras que deixan fóra desta clasificación as interxeccións, pois só teñen en conta aqueles elementos que contribúen á cohesión e coherencia textuais, é dicir, os conectores e organizadores do discurso. Ao noso entender, os marcadores do discurso son formas que guían as inferencias que fan os falantes, teñen independencia sintáctica e adquiren o seu valor semántico dentro do propio contexto.

No noso traballo puxemos o foco en tres verbos de movemento, dous de traxectoria –*ir* e *vir*– e outro de modo de movemento –*andar*– e nas formas que deles se derivan: *anda*, *andá*, *vaite*, *vaites* e *veña*. Estas voces funcionan como mostra dos termos interxección e marcador do discurso, para poder, a través delas, esclarecer a súa definición. Coa axuda destes exemplos de uso, concluímos que estamos ante formas polisémicas e polifuncionais e que o proceso de cambio lingüístico aínda segue en marcha, podéndose crear moitos máis significados se os falantes empregan estas expresións noutros contextos innovadores.

En relación ao proceso de cambio semántico, non é casualidade que se dea nestas unidades –verbos de movemento– xa que algunhas delas teñen carga déictica (*vaite*, *vaites*, *veña*) e ademais, as formas orixinarias son imperativos (*anda*, *vaite*), xa de por si caracterizados pola forte carga exhortativa. Non resulta estraño, tampouco, que haxa formas similares noutras linguas, dado que o cambio semántico está motivado por unha metáfora conceptual: ‘o discurso é unha viaxe’. A partir de aquí establécense outras como ‘*ir* é afastamento ou movemento cara ao futuro’ e ‘*vir* é achegamento ou movemento cara ao pasado’. Grazas á metáfora podemos chegar a esquecer totalmente o significado primario e damos paso a novas fórmulas comunicativas, que ademais de mudar semanticamente, tamén o fan gramaticalmente.

A forma verbal transfórmase en interxección, polo que estamos ante un proceso de gramaticalización. Porén, hai quen prefire referirse a este procedemento como pragmaticalización, xa que a unidade de destino non ten un significado fixo, senón que este se xera dentro do propio contexto de uso. É necesario, tamén, referirnos ao proceso de construcionalización, no que se persegue equilibrar o número de significados e significantes, de xeito que se crean as formas *vaites* e *andá*. A primeira engade un –s adverbial, por analoxía con diferentes palabras invariables, e a outra, fórmase por desprazamento acentual, marca de énfase compartida por moitos enunciados interxectivos. A intención desta segunda evolución é que as novas formas se asocien a un dos valores semánticos e así este se constituía como forma independente.

Para demostrar o carácter polifuncional e polisémico destas formas e o seu proceso de gramaticalización, baseámonos en exemplos reais extraídos de textos en lingua galega procedentes dos corpus informatizados TILG e CORGA. Unha vez examinados os exemplos de maneira illada, decatámonos de que dependendo do contexto, contribuían a diferentes funcións da linguaxe (das establecidas por Jakobson). Así, decidimos clasificalas segundo este parámetro, centrándonos nas funcións expresiva, apelativa e metadiscursiva. Dentro da función expresiva, a máis representativa das interxeccións, distinguimos os valores de sorpresa, ironía, incredulidade, fastío e aceptación e puidemos ver como uns significados estaban ligados a outros: sorpresa>ironía, incredulidade>fastío. Os usos expresivos son variados e abranguen todas as formas obxecto de estudo no noso traballo, ás veces mesmo con estruturas fixadas como [VEÑA + A + INF], [VEÑA + DE + INF], [VEÑA + INF] ou *E VEÑA*, que engaden certo matiz de repetición e polo tanto, contribúen a marcar de forma máis clara o sentimento de fastío. Dentro da función apelativa, distinguimos dous valores principais: o de animar a facer algo e o empático. Estes son efectuados por *anda* e *veña*, tanto de maneira simple como reduplicada. O valor apelativo provén da carga directiva do imperativo (*anda*) e o valor de animar a facer algo, esperando unha reacción por parte do interlocutor, garda relación co valor de desexo que expresa o subxuntivo (*veña*). Por último, temos o valor metadiscursivo, caracterizado especialmente pola acepción de peche discursivo, no que destaca o uso de *veña* como fórmula de despedida. Dentro deste grupo existe un uso reformulador, coa forma *vaites*, que deriva da metáfora ‘ir é futuro’, de aí a importancia da déixe para guiar ao interlocutor cara ao que se vai dicir. Unha outra utilización

metadiscursiva é o retrouso, que é unha expresión que non achega ningún significado mais dá tempo ao falante para preparar o seu discurso, facendo cumprir o Principio de Cooperación.

Alén da análise dos valores pragmáticos das formas, decidimos engadir outra teoría especialmente interesante para o estudo dos marcadores discursivos: a teoría da (inter)subxectividade de Traugott (2010). Segundo esta, unha unidade é considerada subxectiva cando porta as intencións e actitudes do propio falante e intersubxectiva cando manifesta a preocupación do falante polo seu interlocutor e pola súa imaxe pública. Así, vimos que case todos os valores expresivos eran considerados subxectivos: o de sorpresa, o de incredulidade ou refutación e o de queixa ou fastío. Con certeza, hai unha grande relación entre a función expresiva, que manifesta os sentimentos do falante, e o proceso de subxectivización, que incorpora as actitudes do mesmo. Na mesma liña, encontramos o proceso de intersubxectivización, que de maneira similar ao anterior, condiciona a intervención do falante ao ter en consideración as actitudes do interlocutor e persegue non danar a súa imaxe (*face*). Os valores que compartirían esta intención encóntranse clasificados tanto na función expresiva, o de acordo e aceptación, como na función apelativa, o valor empático. Todos os outros valores –o apelativo de animar a realizar unha acción e os metadiscursivos– non teñen en conta as actitudes dos participantes na conversa, polo que reciben a etiqueta de non-subxectivos.

Todos os exemplos analizados dan conta dun proceso de cambio semántico que proba a versatilidade dos verbos de movemento e das formas de imperativo e subxuntivo, máis expostas que outras a sufrir alteracións. Este cambio de significado nace produto dunha previa gramaticalización e, nalgúns casos, construcionalización das formas. Ademais, reflicte como o galego sofre procesos parellos a outras linguas, estando en continuo movemento e enriquecéndose constantemente.

7. BIBLIOGRAFÍA

Álvarez, Rosario e Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Ameka, Felix (1992): “Interjections: The universal yet neglected part of speech”, *Journal of Pragmatics* 18, pp. 101-118.
<[https://www.researchgate.net/publication/229068257 Interjections The Universal Yet Neglected Part of Speech](https://www.researchgate.net/publication/229068257_Interjections_The_Universal_Yet_Neglected_Part_of_Speech)> [Consultado o 20/05/2017]

Austin, John Langshaw (1962): *How to do things with words*. Oxford: Oxford University Press.

Brinton, Laurel J. (1996): *Pragmatic markers in English: grammaticalization and discourse function*. Berlin: Mouton de Gruyter.

Casado Velarde, Manuel (1995). *Introducción a la gramática del texto del español*. Madrid: Arco/ Libros.

Castillo Lluch, Mónica (2008): “La formación de los marcadores discursivos *vaya, venga, anda y vamos*” en Concepción Company Company e José G. Moreno de Alba (eds.) *Actas del VII congreso internacional de historia de la lengua española*, vol. 2, pp. 1739-1752. Madrid: Arco/ Libros.

Company Company, Concepción (2004): “¿Gramaticalización o desgramaticalización? Reanálisis y subjetivización de verbos como marcadores discursivos en la historia del español”, *Revista de Filología Española* 84, pp. 29-66. <<http://xn--revistadefilologiaespaola-uoc.revistas.csic.es/index.php/rfe/article/view/97/96>> [Consultado en 20/05/2017]

Company Company, Concepción (2008): “The directionality of grammaticalization in Spanish”, *Journal of Historical Pragmatics* 9: 2, pp. 200-224

Cueto Vallverdú, Natalia e M^a Jesús López Bobo (2003): *La interjección. Semántica y pragmática*. Madrid: Arco Libro.

- Diewald, Gabriele (2002): “A model for relevant types of contexts in grammaticalization”, en Gabriele Diewald e Ilse Wischer (eds.), *New reflections on grammaticalization*, pp. 103–120. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins.
- Escandell, M^a Victoria (1996): *Introducción a la pragmática*. Barcelona: Ariel.
- Ferreiro, Manuel (1995): *Gramática histórica galega. I. Fonética e morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Laidvento [Cito pola 4^a ed., 1999]
- Fraser, Bruce (1999): “What are discourse markers?”, *Journal of Pragmatics* 31, pp. 931-952
Recuperado de:
<<https://pdfs.semanticscholar.org/df4b/4b4f9a41fced680c30e06dd9db3aff603b2b.pdf>>
[Consultado o 03/06/2017]
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2002): *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2005): *Os marcadores discursivos. Conectores contraargumentativos no galego escrito*. Monografía 3 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2016): “Tipos de marcadores discursivos no galego oral e escrito”, *Revista Galega de Filoloxía* 17, pp. 77-118
- Fuentes Rodríguez, Catalina (1998): “Vamos: un conector coloquial de gran complejidad” en M^a Antonia Martín Zorraquino e Estrella Montolío Durán (coords.) *Los marcadores del discurso. Teoría y análisis*. Madrid: Arco/Libros.
- García, Constantino (1960): *Contribución a la historia de los conceptos gramaticales. La aportación del Brocense* en Anexo LXXI da *Revista de Filología Española*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- Goffman, Erving (1981): *Forms of talk*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press.

- Grice, Herbert Paul (1975): "Logic and conversation" en Peter Cole e Jerry L. Morgan (eds.) *Syntax and semantics 3: Speech Arts*. Recuperado de <http://www.ucl.ac.uk/lis/studypacks/Grice-Logic.pdf> > [Consultado o 24/05/2017]
- Heine, Bernd et al. (1991): *Grammaticalization: a conceptual framework*. Chicago: University of Chicago Press.
- Jakobson, Roman (1984): *Ensayos de lingüística general*. Barcelona: Ariel.
- Kuryłowicz, Jerzy (1964): *The inflectional categories of Indo-European*. Heidelberg: Carl Winter Universitätsverlag.
- López Bobo, M^a Jesús (2002): *La interjección. Aspectos gramaticales*. Madrid: Arco.
- Martín Zorraquino, M^a Antonia (1998): "Los marcadores del discurso desde el punto de vista gramatical" en M^a Antonia Martín Zorraquino e Estrella Montolío Durán (coords.) *Los marcadores del discurso. Teoría y análisis*. Madrid: Arco/Libros.
- Martín Zorraquino, M^a Antonia e José Portolés (1999): "Los marcadores del discurso" en Ignacio Bosque e Violeta Demonte (coord.) *Gramática descriptiva de la lengua española*, vol.3. pp. 4051-4213. Madrid: Espasa.
- Meillet, Antoine (1912/1965): "L'evolution des formes grammaticales" en *Linguistique historique et linguistique générale*, pp. 130-149. Paris: Edouard Champion.
- Morimoto, Yuko (2001). *Los verbos de movimiento*. Madrid: Visor Libros.
- Muller, Max (1866). *Lectures on the science of language*. London: Longmans Green.
- Penny, Ralph (1991): *A history of the Spanish language*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Portolés, José (2014): *Marcadores del discurso*. Barcelona: Ariel.
- Real Academia Española (2009): *Nueva gramática de la lengua española. II. Sintaxis*. Madrid: Espasa Libros.

- Reyes, Graciela (2011). *El abecé de la pragmática*. Madrid: Arco Libros.
- Rodríguez Ponce, M^a Isabel (2005): *La interjección y sus clases*. Liceu. Biblioteca Virtual de recursos electrónicos de Humanidades. <<http://aprende.liceus.com/lengua-espanola/>> [Consultado o 14/04/2017]
- Ruiz Gurillo, Leonor (2010): “Las marcas discursivas de la ironía” en José Luís Cifuentes et al: *Los caminos de la lengua. Estudios en homenaje a Enrique Alcaraz Varó*. Alicante: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Alicante <https://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/24054/1/2010_Leonor_Ruiz_UA.pdf> [Consultado o 02/06/2017]
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2008): “Vés ao cinema hoxe? Bueno, veña, vale. Igual non” en *LongaLingua*, 13, pp. 40-41
- Schiffrin, Deborah (1987): *Discourse markers*. Cambridge: Cambridge University Press
- Soriano, Cristina (2012): “La metáfora conceptual” en Iraide Ibarretxe e Javier Valenzuela (eds.), *Lingüística cognitiva*, pp. 97-121. Barcelona: Anthropos.
- Talmy, Leonard (2007): “Lexical Typologies” en Timothy Shopen (ed.), *Language typology and syntactic description*, vol. III, pp. 66-168. Cambridge: Cambridge University Press.
- Tanghe, Sanne (2013): “El cómo y el porqué de las interjecciones derivadas de los verbos de movimiento” *Zeitschrift fur romanische Philologie* 129(2). pp. 383-412. <<https://biblio.ugent.be/publication/2029988>> [Consultado o 18/05/2017]
- Tanghe, Sanne (2016): *Marcadores derivados de verbos de movimiento. Una aproximación cognitiva a su polifuncionalidad*. Berlín: De Gruyter.
- Traugott, Elizabeth Closs (1982): “From propositional to textual and expressive meanings: some semantic-pragmatic aspects of grammaticalization” en Winfred Philip Lehmann e Yakov Malkiel (eds.) *Perspectives on historical linguistics*, pp. 245-271. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins.

Traugott, Elizabeth Closs (2010): “(Inter)subjectivity and (inter)subjectification: A reassessment” en Hubert Cuyckens, Kristin Davidse and Lieven Vandelanotte (eds), *Subjectification, intersubjectification and grammaticalization*. pp. 29-72 Berlin: Mouton de Gruyter.

Traugott, Elizabeth Closs e Graeme Trousdale (2013): *Constructionalization and constructional changes*. Oxford: Oxford University Press.

Vázquez Veiga, Nancy (2003). *Marcadores discursivos de recepción*. Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.

Wharton, Tim (2009): *Pragmatics and non-verbal communication*. Cambridge: Cambridge University Press.

Recursos en rede

CORGA= Rojo, Guillermo et al. *Corpus de Referencia do Galego Actual* [1.7] Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades <<http://corpus.cirp.es/corga>>

TILG= Santamarina, Antón (coord.) (2003-): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega- Universidade de Santiago de Compostela. <<http://ilg.usc.es/TILG/>>

TMILG= Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/tmilg>>

ANEXO

VALORES DOS MARCADORES E INTERXECCIÓNS DERIVADOS DOS VERBOS DE MOVEMENTO *ANDAR*, *IR* E *VIR*

VERBO	FORMA	FUNCIÓN COMUNICATIVA	VALOR PRAGMÁTICO	VALOR DISCURSIVO
ANDAR	<i>anda</i>	expresiva	sorpresa	subxectivo
		apelativa	animar a facer algo*	non-subxectivo
	<i>andá</i>	expresiva	sorpresa	subxectivo
IR	<i>vaite</i>	expresiva	sorpresa	subxectivo
			ironía*	subxectivo
	<i>vaites</i>	expresiva	sorpresa	subxectivo
			ironía*	subxectivo
		metadiscursiva	reformulador	non-subxectivo
	<i>vaites + [con + FN]</i>	expresiva	retrouso	non-subxectivo
irónico			subxectivo	
VIR	<i>veña</i>	expresiva	incredulidade, refutación	subxectivo
			queixa, fastío	intersubxectivo
			acordo, aceptación	subxectivo
		apelativa	animar a facer algo*	intersubxectivo
			empático*	non-subxectivo
		metadiscursiva	peche discursivo	non-subxectivo
	retrouso		non-subxectivo	
	<i>veña + [a + INF]</i> <i>veña + [de + INF]</i> <i>veña + INF</i> <i>e veña</i>	expresiva	queixa, fastío	subxectivo

*Tamén se expresa mediante a forma reduplicada